

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de maio de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta e un de maio de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(579).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20 de maio de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(580)(581).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das seguinte Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RCA nº 20/2011 PO interposto por COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA

GALAICA S.A. Obxecto: desestimación presunta de reclamación de facturas por servizos de control do Mercado municipal de O Progreso. Estimado parcialmente o recurso.

b) Decreto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 62/2013 P.A. Demandante: D. JULIO RIVERA DOMÍNGUEZ. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial danos en vehículo (tapa da rede de sumideiros, Expte.: 3728/243)
Acepta o desestimento do autor.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 81/2013 P.A. Demandante: D. ANDRÉS BELLO VILAR. Obxecto: Resolución 26.03.2013. Reclamación patrimonial danos en vehículo (calzada de lastres, Expte.: 3468/243) Desestimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 190/12 P.O. Demandante: D. JUAN IGNACIO DE LA TORRE. Obxecto:XGL 16.3.2012. Reclamación cantidades, 2009 e 2010 por servizos xurídicos. Desestimado o recurso.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 78/2013 p.a. Demandante: D. MANUEL ROJO FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 08/01/13 (en reposición) Sanción tráfico, exceso de velocidade. Expte. 128657399. Estimado o recurso.

f) Sentenza do X. Social nº 5 de Vigo en AUTOS 65/2013 (Despedimento obxectivo individual). Demandante: D^a VANESA SOUSA GARCÍA. Obxecto: Acción para declaración de despedimento improcedente, con opción de subrogación e readmitimento. Desestimada a petición da actora.

g) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 15010/2013 contra Sentenza do X. Contencioso-administrativo no RCA nº 88/2012 interposto pola UNIVERSIDADE DE VIGO en relación co acordo do TE-A do Concello de Vigo do 14/11/2011. IBI-2010(Expte.: 38355/512). Estimada parcialmente a apelación na imposición de custas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(581).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs. 23/2391, 22/1972, 24/2176, 13/913,15/2981, 24/403.

Examinadas as actuacións dos expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada da Área de

Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Carmen Gómez Caride. Expte. 913/13.
- Leonor González Garrido. Expte. 2176/24.
- M^a Carmen Barrio Boquete. Expte. 1972/22.
- Dionisia Sánchez Herrera. Expte. 2391/23.
- Emerenciana Fernández Rodríguez. Expte. 2981/15.
- Julia García González. Expte. 403/24.

4(582).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MÉDICOS DO MUNDO PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA EN RÚA CON PERSOAS CON USO DE DROGAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO. EXPTE. 82013/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.04.13, o informe de fiscalización do 23.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de CEDRO, do 18.04,13, conformado pola concelleira delegada da Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobala concesión dunha subvención directa á entidade Médicos do Mundo, con Cif. CIF G79408852, por un importe total de 50.000 euros, con cargo á partida 3133.4890001 "Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo".

SEGUNDO.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Médicos do Mundo, CIF G79408852, para a realización dun programa de intervención sociosanitaria en rúa con persoas con uso de drogas en situación de exclusion social en Vigo, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por un importe total de 50.000€, para o ano 2013, con cargo á partida 3133.4890001 "Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo".

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO

Vigo, ____de _____de 2013

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

Doutra,

D^a María de las Nieves Turienzo Río, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G79408852 e enderezo para os efectos de notificación en Vigo, na rúa Islas Baleares nº 15, baixo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a María de las Nieves Turienzo Ríó, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando a comparente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a entidade Médicos do Mundo é unha organización non gubernamental (ONG) que traballa dende 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, dende 1995 cun programa de achegamento (outreach) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución.

Médicos do Mundo iniciou, en 2001, un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no entorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias "CEDRO". Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o CEntro de REDucción de DANos (CEREDA).

O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, a disminuír a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de "baixo umbral", seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.

O programa CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático de drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/ou con problemas de saúde, que rexeitan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándoas no cuidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso á rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ó consumo.

O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo está concebido como un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense dende un dispositivo fixo, denominado "Centro de calor e café" e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado para a nosa intervención e o equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo. A sala de calor e café abre as súas portas os luns, mércores e venres de 8:00 a 14:00, mentres que os martes e os xoves adícanse a traballo na rúa.

O interese para a cidade de Vigo dun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos é que non solo posibilita unha mellora socio sanitaria da poboación obxeto de intervención, senón tamén do entorno sociocomunitario onde se ubica.

Os grandes piares nos que se apoia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.

As prestacións do CEREDA non pretenden substituír as da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertentes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos, e outra líña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder ós recursos.

Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2012 foi de 831 persoas.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servizos sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado exercizo para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social.

Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de atención social continuada e unidades de rúa.

A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

O Real Decreto 1911/1999, de 17 de decembro, polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas para o período 2000-2008 e o seu Plan de Acción 2005-2008, establecen que os concellos de máis de 25.000 habitantes deberán elaborar Plans Locais de Drogodependencias.

A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantén que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións Locais. Deste xeito, o desenvolvemento da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 no seu Plan de Acción sobre Drogas, no obxectivo primeiro, propón optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional. Máis especificamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde

das persoas que consumen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

A carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en medio aberto.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, os convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3133 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 50.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ó fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado "Centro de calor e café" e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Médicos do Mundo, o Concello de Vigo e a dita entidade de Médicos do Mundo convenian a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base ós seguintes

PACTOS

Primeiro.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado "Centro de calor e café" e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa e, concretamente, a:

- Realizar a contratación de persoal técnico, segundo memoria do programa 2013, para execución da actividade asistencial.
- Asumir a xestión xeral do programa.
- Contribuir ó custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo memoria do programa 2013.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.
- Cumplimentar os procedementos que se determinen para o rexistro de indicadores de actividade no ámbito da xestión dos recursos que traballan coas persoas en exclusión social severa .

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade MÉDICOS DO MUNDO, unha subvención para o exercicio 2013 por importe de 50.000 euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD.887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, alcanzará a cantidade de 50.000 € con cargo ó programa de gastos 3133, partida 4890001, do vixente exercicio presupuestario

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

- 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pagamento anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*
- 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de 2013, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo funcionario responsable do programa.*

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar, e incluír de maneira explíci-

ta os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e estará composta por dúas persoas de Médicos do Mundo e dous técnicos deste Concello, presidida pola Concelleira responsable dos Servicios Sociais ou persoa en que delegue.

Oitavo.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsable dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do día 30 de novembro de 2013, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 - Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD.1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ó expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2013.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

5(583).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARRENDAMENTO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DO EQUIPAMENTO DA UNIFORMIDADE DE INTERVENCIÓN PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 893/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.05.13, o informe de fiscalización do 22.05.13, e de acordo co informe-proposta do oficial subxefe do Servizo de Bombeiros, do 24.05.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto, mixto de subministro e servizos, para o arrendamento, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 18.12.2012, e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 24.05.2013.

2º.- Aproba-lo gasto de 479.994,16 euros (impostos incluídos) para o arrendamento, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de Bombeiros que se imputarán a partida 13502210400 “ Renting vestuario especial “ do presuposto vixente nas seguintes anualidades, con impostos incluídos:

- ano 2.013: 59.999,27 €
- ano 2.014: 119.998,54 €
- ano 2.015: 119.998,54 €
- ano 2.016: 119.998,54 €
- ano 2.017: 59.999,27 €

Autorízase expresamente a continuación do contrato ata a finalización do prazo ofertado polo adxudicatario de ampliación do arrendamento, mantemento e limpeza sen custo ningún para o Concello de Vigo das prendas de vestuario obxecto deste contrato, aínda que dita data superase o 31 de decembro de 2017. A data de finalización do contrato fixarase por acordo desta Xunta de Goberno.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

6(584).- DESESTIMACIÓN RECURSOS ESPECIAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTOS POLO COMITÉ DE EMPRESA DE CLECE S.A. NO PROCEDemento PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 80269/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 24.05.13, conformado pola concelleira delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).*

- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo da axuda no fogar por procedemento aberto (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato do servizo de axuda no fogar (PPT).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Orde do 22 de xaneiro de 2009, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.*
- *Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores(ET).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou:

“1º.- Aproba-lo expediente de contratación do servizo de axuda no fogar, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 17 de xaneiro 2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo por procedemento aberto de data 8 de marzo de 2013.

2º.- Aproba-lo gasto de 5.800.000 euros, para a contratación do servizo de axuda no fogar, que se imputará á partida 2310.2279901 prestación do servizo de axuda no fogar e súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento do departamento, e de acordo coa seguinte distribución:

- *ano 2013: 1.691.666,67€*
- *ano 2014: 2.900.000 €*
- *ano 2015: 1.208.333,33€*

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- En data 4 de abril de 2013, D^a. Rosa Couto Carreiro, D. José Antonio Virola Cantón e D^a. Elsa Soteliño Couñago, en nome e representación do Comité de Empresa de CLECE, S.A., formulan alegacións ó apartado 17.d) da Folla de Especificacións do Contrato contida no Anexo II do PCAP, que se refire a obriga imposta polo artigo 120 TRLCSP de proporcionar información ós licitadores dos traballadores que están prestando ó servizo que se licita por si conforme ó convenio colectivo aplicable procedese a subrogación dos mesmos. E, á vista do manifestado solicitan que se modifique ó PCAP.

Terceiro.- En data 5 de abril de 2013, á vista das citadas alegacións, a Xunta de Goberno Local acordou:

“Aprobar a modificación do Anexo III prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de axuda no fogar, mantendo inalterado o contido do acordo de 22 de marzo de 2013”.

No Anexo III se inclúe a relación dos traballadores que están prestando ó servizo na actualidade á efectos da obriga de información citada.

Cuarto.- En data 23 de abril de 2013, D^a. Rosa Couto Carreiro, D. José Antonio Virola Cantón e Dna. Rosa M^a. Álvarez Rodríguez, interpoñen recurso especial en materia de contratación contra os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo de axuda a domicilio por procedemento aberto.

Quinto.- En data 26 de abril de 2013, ó servizo de contratación solicítalles ós recorrentes a acreditación da representación que manifestan ostentar.

Sexto.- En data 3 de maio de 2013, os recorrentes achegan a documentación xustificativa da súa representación do Comité de empresa de CLECE, S.A.

Sétimo.- En data 9 de maio de 2013, D^a. Rosa Couto Carreiro e Dna. Rosa M^a. Álvarez Rodríguez, interpoñen novo recurso especial en materia de contratación, contra o PCAP.

Oitavo.- Durante a substanciación do procedemento de recurso solicitáronse os seguintes informes:

- Informe do xefe da área de Política de Benestar, de data 15 de maio de 2013.

Noveno.- En data 15 de maio de 2013, se deu conta á Mesa de Contratación do Concello de Vigo da existencia dos citados recursos, que á vista dos mesmos, acordou requirirille á empresa que presta o servizo na actualidade unha relación firmada dos traballadores que actualmente prestan o servizo, cos datos esixidos no artigo 120 TRLCSP, para cotexalos cos incluídos no Anexo III do PCAP.

Décimo.- En data 22 de maio de 2013, CLECE, S.A., aporta a lista solicitada.

Undécimo.- En data 24 de maio de 2013, o xefe da área de Política de Benestar, tras cotexar a citada lista coa contida no Anexo III do PCAP informa a coincidencia das mesmas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto do servizo de axuda a domicilio xuntamente co gasto, en data 22 de marzo de 2013, e acordou abrir o procedemento de licitación. No expediente se inclúen os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, tal e como determina o artigo 109.3 do TRLCSP.

É obxecto da presente impugnación tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o prego de prescricións técnicas particulares.

Segundo.- Os recorrentes teñen presentado un escrito, de data 4 de abril, solicitando determinadas rectificacións do PCAP, e sendos recursos, o primeiro de data 23 de abril de 2013, contra os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo de axuda a domicilio por procedemento aberto e o segundo, de data 9 de maio de 2013, contra o PCAP.

O primeiro dos citados escritos, o de data 4 de abril, a xuízo da informante, e por analogía co disposto para os recursos administrativos no artigo 110.2 LRJAP, que determina que “O erro na cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para o seu tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter”, deberá ser considerado un recurso especial en materia de contratación, con independencia da cualificación do mesmo polos recorrentes, posto que no mesmo se impugna unha disposición do PCAP, en concreto o apartado 17.d) da FEC. Esta mesma circunstancia concorre nos outros dos, que son cualificados polos recorrentes simplemente como recursos, sen determinar a clase de recurso de que se trata, e van dirixidos á mesa de Contratación, e non ó órgano de contratación e que, non entanto haberá que cualificar e tramitar como recursos especiais en materia de contratación, en aplicación do citado precepto.

Por razóns de economía procedimental, a lei de procedemento administrativo permite que o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que sexa a forma da súa iniciación, poida dispoñer a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión (artigo 73 LRJAP). Circunstancia que concorre no presente caso no que os tres recursos presentados versan sobre a impugnación de determinados preceptos do PCAP e do PPT e nos que as alegacións formuladas polos recorrentes repítense.

Contra o acordo de acumulación non procederá recurso ningún.

Terceiro.- É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

Cuarto.- A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe os recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 200.000 euros (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento) ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP).

Quinto.- É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 40.2 TRLCSP):

- *Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.*
- *Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.*
- *Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.*

Así, a impugnación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas é un acto susceptible deste recurso.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). E dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública senón que é preciso unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. E no caso que nos ocupa o recorrente non é un licitador, senón o Comité de Empresa da mercantil que esta prestando actualmente o servizo obxecto desta licitación. E se ben se recoñece a posibilidade de ser titular de intereses lexítimos colectivos ás asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais (artigo 31.2 da LRJAP), como é o comité de empresa, so nos termos que determine a lei. Ante o silencio da nosa lexislación contractual ó respecto, para precisar esta cuestión é preciso acudir a doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Determina a resolución 89/2011 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC) que "(...) la función genérica de representación y defensa de los intereses de los trabajadores que corresponde a los sindicatos, no alcanza a transformarlos en guardianes abstractos de la legalidad, por lo que, en cada caso en que el sindicato ejercite acciones, se exige un vínculo o conexión entre el propio Sindicato y la pretensión ejercitada. Y ese vínculo no puede ser otro que un interés en sentido propio, específico y cualificado. En este sentido y según reiterada jurisprudencia del Tribunal Supremo plasmada en sentencias tales como la STS de 19 de noviembre de 1993 y 27 de enero de 1998 entre otras, si el derecho subjetivo es siempre reconocible, el interés legítimo equivale a la titularidad de una posición de ventaja o de una utilidad jurídica por parte de quien ejercita la pretensión y que se materializaría, de prosperar ésta, en la obtención de un beneficio de índole material o jurídico o en la evitación de un perjuicio, con tal de que la obtención del beneficio o evitación del perjuicio sea cierta y no meramente hipotética". No presente caso, se apreciaría esta circunstancia.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do mesmo, e se presentará ante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP), requisito que non se cumpre no presente caso con ningún dos tres recursos. No entanto, segundo Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos contractuais 211/2011, non é necesario presentar escrito anunciando a interposición cando o recurso se presenta ante o propio órgano de contratación. Fundamenta este criterio sinalando que "el anuncio de interposición está establecido por el legislador con la finalidad de que el órgano de contratación sepa que contra su resolución, sea cual fuere esta, se va a interponer el

pertinente recurso. Por tanto, la omisión del requisito en los casos en que la interposición del recurso se verifique directamente ante el órgano de contratación, como es el caso del expediente en cuestión, no puede considerarse como un vicio que obste a la válida prosecución del procedimiento y el dictado de una resolución contra el fondo del recurso”.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No mesmo farase constar o acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, cuxa adopción solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.*
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por haberlla transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.*
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaía ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que se publicou.*
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.*
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.*

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente tras subsanar, a requirimento do servizo de contratación, a falla de presentación da documentación acreditativa da representación dos comparecentes.

Por último, respecto ós requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste mesmo prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso. No entanto, cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que os mesmos sexan recibidos ou postos a disposición dos licitadores ou candidatos para o seu coñecemento (artigo 44. 2.a TRLCSP). O anuncio da licitación deste procedemento foi subido ó perfil do contratante do Concello de Vigo o día 2 de abril de 2013 as 13.56, e os pregos, tanto o de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas foron postos a disposición dos interesados no citado perfil no mesmo día as 13.57 e as 14.01 respectivamente, tal e como consta no propio perfil, en cumprimento do disposto no artigo 53.3 do TRLCSP que prevé que “O sistema informático que soporte o perfil de contratante deberá contar cun dispositivo que permita acreditar fehacientemente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa no mesmo”. Así mesmo foi publicado nos seguintes diarios oficiais:

- Diario Oficial de Galicia: 26/04/2013*
- Boletín Oficial da provincia de Pontevedra: 26/04/2013*

Nos procedementos de adxudicación non suxeitos a regulación harmonizada, como o que nos ocupa, o prazo de presentación de proposicións será como mínimo de quince días, que deberán computarse dende a publicación do anuncio de licitación nos correspondentes diarios oficiais (artigo 159 TRLCSP). En consecuencia, o cómputo do prazo de presentación de ofertas iniciouse o 27 de abril e rematou o día 13 de maio de 2013.

O cómputo do prazo de interposición do recurso contra pregos publicados en forma electrónica, informática ou telemática, segundo a doutrina do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC), por razóns de seguridade xurídica deberá computarse “a partir de la fecha límite de presentación de las proposiciones, en cuanto que la Ley 30/2007 en el

artículo 314.2 letra a), cuando señala que el cómputo para la interposición del recurso será a partir del día siguiente a que los pliegos hayan sido recibidos o puestos a disposición de los licitadores o candidatos, lo hace por referencia al artículo 142 de la citada ley, en el cual se contemplan supuestos de notificación para cuando no se haya facilitado el acceso a los pliegos por medios electrónicos, informáticos y telemáticos (...)" (RTACRC 21/2011). No entanto, a mesma resolución excepciona desta regra o caso no que o recorrente houbera podido coñecer os pregos con anterioridade a esta data, se ben esixe que o recurso se interpoña unha vez iniciado o prazo de presentación de proposicións. Así, continúa a citada resolución RTACRC 21/2011 dicindo que "sin perjuicio de que el citado recurso contra los pliegos se haya podido interponer con anterioridad a esa fecha, como consecuencia de que se haya podido acceder a los pliegos publicados en fecha evidentemente anterior a la fecha límite de presentación de las proposiciones, ya sea en la Plataforma de Contratación del Estado o en el perfil del contratante del órgano de contratación, si bien siempre en un momento posterior a la convocatoria de la licitación de conformidad con lo previsto al respecto en la Ley de Contratos del Sector Público". No caso que nos ocupa é preciso ter en conta que, se ben os pregos se puxeron a disposición dos interesados por medios informáticos, a través do perfil do contratante, hai constancia do seu coñecemento por parte dos recorrentes, tal e como o evidencia a interposición dos recursos que nos ocupan, se ben o único que foi interposto unha vez aberto o prazo de presentación de ofertas é o último deles, o de data 9 de maio de 2013, máis, a xuízo da informante, resulta convinte a admisión de todos eles, pois a citada doutrina o que pretende é precisamente garantir o efectivo acceso a documentación contractual e os dereitos de impugnación dos interesados. Dado que os recursos reúnen os requisitos subxectivos, obxectivos e formais esixidos pola lei, procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo do mesmo tratando todas as cuestións plantexadas.

Sexto.- Interposto o recurso, a lei impón o seu traslado ós restantes interesados, dentro dos cinco días hábiles seguintes á interposición, concedéndolles un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións (artigo 46.3 TRLCSP). No entanto, no presente procedemento todos os recursos se teñen interposto durante o prazo de presentación de ofertas e previamente a súa finalización, circunstancia que ten impedido facer efectivo este traslado.

Sétimo.- As alegacións formuladas polos recorrentes nos seus escritos de recurso se poden condensar en:

No recurso de data 4 de abril de 2013, tras citar a cláusula 17.d) da FEC que di que "A efectos do previsto no artigo 120 do TRLCSP se inclúe no Anexo III deste prego a relación do persoal que presta actualmente o servizo por se procedese a subrogación conforme o Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio en la CCAA de Galicia 2009-2011 (publicado no DOGA de 16/02/2010), indicándose a categoría profesional, tipo de contrato e retribucións do mesmo. A subrogación, no seu caso, producirase nas condicións económicas e laborais que a normativa laboral establece", manifestan:

1º.- Que entenden que procede a subrogación en virtude dun acordo do Pleno do Concello de Vigo, de data 3 de agosto de 1998.

2º.- Que no prego se alude ó Convenio Colectivo para a actividade de axuda a domicilio de la CCAA de Galicia, convenio que non é de aplicación ós traballadores actuais do servizo.

3º.- Que observan irregularidades nas xornadas de traballo de algúns traballadores.

No recurso de data 23 de abril de 2013 alegan que:

1º.- A cláusula 17.d) da FEC non é suficientemente aclaratoria dado que se debe impor a obriga da subrogación en todo o persoal que actualmente presta o servizo, senón se

estarían incumprindo os acordos plenarios do Concello de Vigo dos anos 1993 e 1998, polo que solicitan unha redacción máis clara da citada cláusula a efectos de que a obrigatoriedade da subrogación non ofrezca dúbidas.

2º.- No PPT se solicitan un número de axudas técnicas ridículas en relación co número de dependentes de grao 3 que reciben o servizo e isto leva o incumprimento da lei de saúde laboral por parte das empresas.

3º.- No punto 9.1 do PPT non figura todo o persoal da plantilla que si figura na lista de persoal a subrogar do PCAP, que consideran necesario para o desenrolo do servizo. Faltan unha psicóloga, dous administrativos/as e unha coordinadora, persoal que está por enriba da ratio esixible pero que é imprescindible para o desenrolo do servizo dada a dispersión rural que ten o Concello de Vigo.

No recurso de data 9 de maio de 2013, manifestan que a modificación do Anexo III do PCAP operada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de abril de 2013 non é correcta. Ó seu xuízo existen erros, pois se ben é imposible identificar os traballadores por canto non aparecen identificados, hai datas de antigüidade correspondentes a determinadas traballadoras, en concreto Dna. Ana de Jesús González e Dna. M^a Rosa Couto Carreiro, que non aparecen no citado anexo. Como proba documental do manifestado achegan a copia da vida laboral das citadas traballadoras para que se poida comprobar que as súas datas de antigüidade non figuran na citada lista do Anexo III. En consecuencia, solicitan a modificación do mesmo, pois é un dato que ten influencia na valoración de custes do servizo a realizar polos posibles licitadores.

Estas alegacións, dado que algunha delas se repite en varios recursos, se poden sintetizar nas tres seguintes:

- A subrogación. Con relación a mesma plantexan diversas cuestións tales como: a norma da que deriva o dereito de subrogación e os erros nas antigüidades dos traballadores con dereito a subrogación.*
- A non aplicación ós traballadores actuais do servizo do Convenio Colectivo para a actividade de axuda a domicilio da CCAA de Galicia.*
- Con respecto o PPT discuten o número de axudas técnicas previsto no PPT para os dependentes de grao 3 usuarios do servizo, así como a lista do persoal mínimo previsto para o desenvolvemento do servizo.*

Nos fundamentos xurídicos que seguen analizaremos estas alegacións.

Oitavo.- Con respecto á subrogación os recorrentes alegan en primeiro lugar que a cláusula 17.d) da FEC non é suficientemente aclaratoria dado que se debe impor a obriga da subrogación en todo o persoal que actualmente presta o servizo, senón se estarían incumprindo os acordos plenarios do Concello de Vigo dos anos 1993 e 1998, polo que solicitan unha redacción máis clara da citada cláusula a efectos de que a obrigatoriedade da subrogación non ofrezca dúbidas. A subrogación do adxudicatario dun servizo nos contratos dos traballadores que están prestando ó mesmo no momento da adxudicación é unha obriga imposta ó mesmo pola lexislación laboral sempre que se dean as circunstancias previstas no artigo 44 do ET para a sucesión de empresa ou nos que así se estableza nun convenio colectivo, e un correlativo dereito recoñecido ós traballadores. E a subrogación, de proceder, se produce con independencia da vontade da Administración, que se limita a facilitar información ós posibles licitadores interesados en concorrer a licitación. Neste sentido, o artigo 120 TRLCSP, que leva por rúbrica "Información sobre as condicións de subrogación nos contratos de traballo" determina que "Naqueles contratos que impoñan ó adxudicatario a obriga de subrogarse como empregador en

determinadas relacións laborais, o órgano de contratación deberá facilitar ós licitadores, no propio prego ou na documentación complementaria, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores ós que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir a avaliación dos custos laborais que implicará tal medida. A estes efectos, a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato a adxudicar e que teña a condición de empregadora dos traballadores afectados estará obrigada a proporcionar a referida información ao órgano de contratación, a requirimento deste". En en cumprimento deste precepto, a cláusula 17.d se limita a remitir ó anexo III para coñecer a citada información.

E o mentado acordo plenario de data 3 de agosto de 1998 é unha mera declaración de intencións políticas, sen valor xurídico, como se desprende do seu tenor "Declara-la vontade do Concello de Vigo de que as persoas que actualmente están a traballar no servizo de axuda a domicilio ó abeiro do convenio suscrito entre o Concello de Vigo e a Asemblea local de Cruz Vermella, así como as que se poidan incorporar no futuro, continúen prestando o servizo aínda no caso de que mude o modelo de xestión". Porque a Administración non pode impoñer ós seus contratistas a obriga de subrogarse nos contratos de traballo da empresa que estivese prestando o servizo ata o momento da adxudicación, senón que esta subrogación se opera no ámbito das relacións laborais e con independencia da vontade da mesma.

Á vista do exposto procede desestimar esta alegación.

Noveno.- Co obxecto de comprobar a posible existencia de erros nas antigüidades dos traballadores na relación do Anexo III, alegada polo recorrente, se lle solicitou a CLECE, S.A., empresa que presta o servizo na actualidade unha nova relación. Unha vez aportada, en data 22 de maio, foi cotexada coa contida no Anexo III, informando o xefe de área de Política de Benestar, en data 24 de maio de 2013, a coincidencia das mesmas. En consecuencia, procede desestimar a citada alegación.

Décimo.- A non aplicación ós traballadores actuais do servizo do Convenio Colectivo para a actividade de axuda a domicilio da CCAA de Galicia é unha cuestión allea ó ámbito da contratación administrativa, e que non compete a esta Administración.

Undécimo.- Con respecto o PPT discuten o número de axudas técnicas previsto no PPT para os dependentes de grao 3 usuarios do servizo, así como a lista do persoal mínimo previsto para o desenvolvemento do servizo. Informa sobre estas cuestións ó xefe de área de Políticas de Benestar, en data 15 de maio de 2013, que:

"En canto ó número de axudas técnicas mínimas previstas no Apdo. 3.1.e] do PPT ("Atencións de carácter complementario": camas articuladas, cadeiras de rodas e de baño, grúas e andadores na porcentaxe dun 1% do número de usuarios atendidos polo servizo), dicir que este apartado constitúe unha novidade, un servizo complementario non previsto no contrato actual e que en ningún caso presupón o cumprimento ou incumprimento da normativa de saúde laboral por parte da empresa adxudicataria.

O Apdo. 9.1 do PPT ("Perfil profesional e requisitos para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar") establece o persoal técnico mínimo para a prestación do SAF en plena concordancia co recollido no Art. 12 da Orde de 22 de xaneiro de 2009, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (DOG nº 22, do 02.02.2009) que o regula, polo que, como recoñecen os propios recorrentes, cúmprese coa ratio esixida pola norma, á marxe da opinión subxectiva sobre a suficiencia ou non dese persoal mínimo para o caso de Vigo".

Debemos ter presente que a Administración, entre as súas potestades ten a de organizar os seus servizos, co limite do respecto ó noso ordenamento xurídico (artigo 3 LRJAP) e a hora de

contratar servizos ten a obriga de asegurar unha eficiente utilización dos fondos, en conexión co obxectivo de estabilidade presupuestaria e control do gasto (artigo 1 TRLCSP).

Procede, consecuentemente, desestimar as alegacións relativas ás citadas cláusulas do PPT.

Duodécimo.- A impugnación dos pregos e demais documentación contractual non produce efectos suspensivos na tramitación do expediente de contratación, efecto que so se lle recoñece á impugnación do acto de adxudicación (artigo 45 TRLCSP).

Décimo terceiro.- A competencia para a resolución do presente recurso no ámbito das Corporacións Locais, será determinada polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación. A falta de previsión expresa na lexislación autonómica, a competencia corresponderá ó mesmo órgano ó que as Comunidades Autónomas en cuxo territorio se integran as Corporacións Locais atribúan a competencia para resolver os recursos do seu ámbito (artigo 41 TRLCSP). No entanto, a falta deste órgano autonómico, previsto na Lei de acompañamento ós presupostos da comunidade autónoma de Galicia para 2011, pero que aínda no ten sido creado por Decreto do goberno autonómico, no presente caso deberá resolver o recurso á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1º.- Admitir os recursos especiais en materia de contratación formulados respectivamente por:

➤ D^a. Rosa Couto Carreiro, D. José Antonio Virola Cantón e D^a. Elsa Soteliño Couñago, en data 4 de abril de 2013.

➤ D^a. Rosa Couto Carreiro, D. José Antonio Virola Cantón e D^{na}. Rosa M^a. Álvarez Rodríguez, en data 23 de abril de 2013.

➤ D^a. Rosa Couto Carreiro e D^{na}. Rosa M^a. Álvarez Rodríguez, en data 9 de maio de 2013.

Todos eles en nome e representación do Comité de Empresa de CLECE, S.A.

2º.- Acumular os citados recursos por gardar identidade substancial, consonte o disposto no artigo 73 LRJAP, por versar todos eles sobre a impugnación de determinados preceptos dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexen o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar.

3º.- Desestimar os recursos especiais en materia de contratación citados no apartado anterior polas razóns expostas nos fundamentos xurídicos oitavo, noveno, décimo e undécimo.

4º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP), excepto no referente a acumulación de recursos acordados no punto segundo do presente acordo, que non é susceptible de recurso consonte ó disposto no artigo 73 da LRJAP” .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(585).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.. EXPTE. 4481/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. a fianza de 4.800 euros constituída para responder da prestación do servizo de colaboración tributaria co servizo de Administración de Tributos do concello de Vigo, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

8(586).- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “COOPERLAND” DENTRO DO PROGRAMA “CIUDADANOS ACTIVOS CON EUROPA, UNA SOCIEDAD CIVIL ACTIVA EN EUROPA Y MEMORIA HISTÓRICA ACTIVA DE EUROPA”. EXPTE. 9830/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.05.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar á memoria do Proxecto “Cooperland”, que obra no expediente, presentado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para a súa remisión ao programa convocado pola “Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA)” da Unión Europea, por un importe total de 190.944,05 €.

Segunda.- Solicitar da Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA) unha axuda de 114.566,43 € correspondente ao 60,00 % do total do proxecto “Cooperland”.

Terceiro.- En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art.127.1.f) (segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello, entre os exercicios 2014 e 2015 (ambos inclusive), as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento municipal do Proxecto, en contía de 76.377,62 € (40,00 % do total), que se distribuirá en devanditas anualidades segundo o establecido na solicitude de axuda financeira.

Cuarto.- O Concello de Vigo comprométese a efectuar os anticipos de tesourería necesarios para facer fronte aos pagos da totalidade do Proxecto (incluídos os correspondentes á porcentaxe da axuda financeira solicitada), previo expediente de modificación orzamentaria (xeración de créditos que se tramitará unha vez notificado o compromiso de cofinanciación comunitario).

Quinto.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello de Vigo na tramitación de subvención diante da “Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural” da Unión Europea .

9(587).- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE OBRAS E SERVIZOS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, ANO 2013. EXPTE. 9824/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.05.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as memorias para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación 2013, que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.

Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 302.071,03 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

Cuarto.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

ANEXO I: Resumo de proxectos solicitados polos servizos para Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo 2013.

SERVIZO	POSTOS DE TRABALLO	Nº PERSOAS	TEMPO (meses)	SALARIO MES	PRORR-TEO	BRUTO MES	IMPORT SEG. SOC	TOTALIZACION POR PS.	TOTALIZACION XERAL
PARQUES E XARDINS (MELLORAS)	TEC. MEDIO AG.	1	6	745,24	124,21	869,45	279,09	6891,26	6.891,26
	OF. FONTANEIRO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. ALBANEL	7	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	49.210,23
	OF. XARDINEIRO	7	6	728,8	121,47	850,27	295,04	6871,88	48.103,17
	PEONS	15	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	100.428,92
	OF. CONDUCTOR	2	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	14.060,06
VIAS E OBRAS	AUX. ADMINISTRATIVO	1	6	694,1	115,68	809,78	259,94	6418,32	6.418,32
	CAPATAZ PAVIMENT.	1	6	745,24	124,21	869,45	328,65	7188,61	7.188,61
	CAPATAZ OBRA PÚBLICA	1	6	745,24	124,21	869,45	328,65	7188,61	7.188,61
	OF. PAVIMENTADOR	4	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	28.120,13
	PEON PAVIMENTADOR	4	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	26.781,04
	PEON OBRA PÚBLICA	19	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	127.209,96
	OF. CARPINTEIRO	2	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	14.060,06
	OF. CONDUCTOR	8	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	56.240,26
	OF. MECANICO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. CANTEIRO	3	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	21.090,10
	OF. FERREIRO	3	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	21.090,10
	OF. ALBANEL	9	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	63.270,29

TOTAL POSTOS: 89

TOTAL: 611.411,19 €

ANEXO II: Proxectos a solicitar na convocatoria para Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo 2013.

SERVIZO	POSTOS DE TRABALLO	Nº PERSOAS	TEMPO (meses)	SALARIO MES	PRORR-TEO	BRUTO MES	IMPORTE SEG. SOC	TOTALIZACION POR PS.	TOTALIZACION XERAL
PARQUES E XARDINS (MELLORAS)	TEC. MEDIO AG.	1	6	745,24	124,21	869,45	279,09	6891,26	6.891,26
	OF. FONTANEIRO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. ALBANEL	3	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	21.090,10
	OF. XARDINEIRO	4	6	728,8	121,47	850,27	295,04	6871,88	27.487,53
	PEONS	8	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	53.562,09
	OF. CONDUCTOR	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
VIAS E OBRAS	AUX. ADMINISTRATIVO	1	6	694,1	115,68	809,78	259,94	6418,32	6.418,32
	CAPATAZ OBRA PÚBLICA	1	6	745,24	124,21	869,45	328,65	7188,61	7.188,61
	OF. PAVIMENTADOR	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	PEON PAVIMENTADOR	2	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	13.390,52
	PEON OBRA PÚBLICA	8	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	53.562,09
	OF. CARPINTEIRO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. CONDUCTOR	3	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	21.090,10
	OF. MECANICO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. CANTEIRO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. FERREIRO	2	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	14.060,06
	OF. ALBANEL	5	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	35.150,16

TOTAL POSTOS: 44

TOTAL: 302.071,03 €

10(588).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MEMORIA “APOIO Á CIDADANÍA NAS SÚAS RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL” PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN ANO 2013, E SOLICITUDE DE AXUDA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 9833/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 28.05.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a memoria “APOIO Á CIDADANÍA NAS SÚAS RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL” destinada a mulleres vítimas de violencia para presentar

a convocatoria de Programas de Cooperación 2013, que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.

Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 210.520,90 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

Cuarto.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

ANEXO I:

Proxecto "APOIO Á CIDADANÍA NAS SÚAS REALACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL" de Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo 2013 destinado a mulleres vítimas de violencia de xénero.

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS ANO 2013-PROGRAMA COOPERACIÓN: APOIO Á CIDADANÍA										
Postos	Categoría/posto	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Grupo e Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes
8	Of. admtivo	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/a	32,10	272,94	1.123,20	8.985,62
8	Peóns (Conserxe)	694,10	115,68	809,78	809,78	8411/a	32,10	259,94	1.069,72	8.557,79
TOTAL MES										17.543,41
Total ano 2012:			4,00 meses contratación				Período	01/09/13 31/12/13		70.173,63
Total ano 2013:			8,00 meses contratación				Período	01/01/14 31/08/14		140.347,27
Total contratación										210.520,90

CONTIDO DA MEMORIA:

1. Denominación.
2. Descrición do proxecto.
3. Orzamento de materiais e Partidas orzamentarias.
4. Postos de traballo necesarios e perfil requerido.
5. Duración do proxecto.

1.- DENOMINACIÓN.

"APOIO Á CIDADANÍA NAS SÚAS RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL"

Os servizos de apoio á cidadanía nas súas relacións coa administración local pretenden o desenvolvemento de tarefas que non precisan dunha especialización determinada por parte das traballadoras, xa que o servizo de Participación e Atención Cidadá en colaboración co de Desenvolvemento Local e Emprego, permitirá impartir formación de cara á adquisición das habilidades necesarias para o desenvolvemento do proxecto.

No que respecta á formación das traballadoras, o Concello impartirá os seguintes obradoiros de formación:

Administrativas e Peonas-conserxes

"Manexo das utilidades web para a tramitación e busca de información:

- Páxinas web municipais
"www.vigo.org"
"http://cidadansvigo.org"
- Páxinas web autonómicas:
"www.xunta.es"
"www.sergas.es"
- Páxina web estatal "www.060.es"
- Tramitación web nas administracións públicas (Autonómica e Estatal)
- Duración dos obradoiros 28 horas (7 horas cada un).

"Acceso e uso de instalacións abertas ao público"

- Normas de acceso ás instalacións.
 - Dotación e equipamento de instalacións.
 - Duración do obradoiro 7 horas.
- “As enquisas de calidade dos servizos”
- Normas de atención básica a cidadanía.
 - Cobertura da enquisa.
 - Introducción de datos.
 - Duración do obradoiro 14 horas.

Administrativas

A tramitación administrativa do Concello de Vigo, utilidades e aplicativos:

- Xestor de expedientes.
- Tratamento de textos Write de Open Office.
- Introducción a Folla de Cálculo Calc de Open Office.
- Duración do obradoiro 30 horas.

2.- DESCRIPCIÓN DO PROXECTO.

O proxecto “Apoio á cidadanía nas súas relacións coa administración local”, nace na concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, no marco dos programas de cooperación Xunta de Galicia-Entidades Locais.

Obxectivos:

- Ofrecer unha atención personalizada á cidadanía coa presenza de persoal especializado nos locais dependentes da concellería:
 - ◆ Centro Local de Emprego e das Ocupacións (CME):
 - Información programas de emprego.
 - SOL (Servizo de Orientación Laboral).
 - Proxectos europeos.
- Confección de inventarios de equipamento dos locais municipais dependentes da concellería.
- Apoio ás asociacións sen ánimo de lucro:
 - ◆ Cobertura de impresos de subvencións.
 - ◆ Información asociativa en internet.
 - ◆ Avisos de convocatorias de axudas.
- Casa Galega da Cultura:
 - ◆ Organización, ordenación e instalación de fondos bibliográficos e documentais.
 - ◆ Redacción e colocación de tejuelos.
 - ◆ Arquivo da documentación administrativa.
 - ◆ Redacción de correspondencia.
 - ◆ Redacción de estatísticas.
- Biblioteca Central Municipal de Vigo:
 - ◆ Atención ao público: Búsqueda e localización da información ou dos fondos.
 - ◆ Acceso á información: xestión e control do módulo de circulación Control e tratamento da información.
 - ◆ Tratamento dos fondos e a súa preparación para o préstamo.
 - ◆ Disposición pública dos produtos elaborados.
 - ◆ Atención e orientación o cidadán en cuestións xerais
 - ◆ Información e orientación bibliográfica

Desenvolvemento do Proxecto:

O proxecto iniciarase o 1 de setembro de 2013 e rematará o 31 de agosto de 2014.

- *Contratación de:*
 - ◆ *Oito mulleres con formación e experiencia na xestión e desenvolvemento de traballos administrativos.*
 - ◆ *Oito mulleres con formación a nivel de estudos primarios para traballos de ordenanza-conserxe e atención á cidadanía.*

- *Lugares de impartición da formación inicial ás persoas contratadas:*
 - ◆ *Aula de formación en novas tecnoloxías do "Vigo Dixital".*
 - ◆ *Sala de videoconferencias e multimedia do "Vigo Dixital".*

- *Ao se incorporar ao posto de traballo, cada unha das mulleres beneficiarias recibirá unha formación específica relativa ao posto de traballo a desenvolver no propio posto de traballo.*

- *Distribución xeográfica de realización do proxecto:*
 - ◆ *As accións realizaranse nas distintas instalacións da concellaría de Emprego, Participación e Voluntariado.*

 - ◆ *Casa Galega da Cultura.*

 - ◆ *Biblioteca Central Municipal de Vigo.*

3.- ORZAMENTO DE MATERIAIS E PARTIDAS ORZAMENTARIAS.

•9240 2260201	<i>Publicidade e propaganda</i>	2.100,00 €
	•100,00 €	
	•100 Carteis tamaño A2	
	•1000 Impresos enquisas	
	•18 Manuais para cursos de formación.	
	•10 Memorias do proxecto.	
•9240 220000	<i>Material de Oficina</i>	200,00 €
•9240 2200201	<i>Consumibles informáticos</i>	500,00 €
	•18 Discos removibles.	
	•30 CD's	
	•Toner impresoras	
	•Papel A4	
•Equipos informáticos:		
	•5 Ordenadores portátiles.	
	•5 Impresoras láser monocromo.	
	•1Pantalla de proxección.	

4.- POSTOS DE TRABALLO E PERFIL REQUIRIDO.

Colectivo beneficiario:

Mulleres vítimas de violencia de xénero.

Mulleres que se benefician da contratación (Inserción directa).

Para o desenvolvemento do proxecto, é necesario a contratación de dezaseis (16) mulleres cos perfís seguintes:

- Muller vítima de violencia.
- Demandante de emprego.
- Perfil profesional:
 - ◆ Oito (8) Oficiais Administrativas:
 - x Coñecementos das ferramentas ofimáticas estandarizadas:
 1. Folla de Cálculo (Excell e/ou Calc)
 2. Tratamento de Textos (Word e/ou Write)
 3. Bases de datos (Access e/ou MSQl)
 - x Atención ao público:
 1. Presencial.
 2. Telefónica.
 3. Telemática.
 - x Coñecementos de Inglés e Curso de auxiliar de bibliotecas(dúas delas, alomenos).
 - ◆ Oito (8) Peón-Conserxe.
 - x Estudos primarios.
 - x Coñecementos das ferramentas ofimáticas estandarizadas:
 1. Folla de Cálculo (Excell e/ou Calc)
 2. Tratamento de Textos (Word e/ou Write)
 3. Bases de datos (Access e/ou MSQl)
 - x Atención ao público:
 1. Presencial.
 2. Telefónica.

5.- DURACIÓN DO PROXECTO.

A realización do proxecto, será de 12 meses, con dous periodos diferenciados:

- ◆Contratación do persoal e formación inicial do mesmo: 1 mes.
- ◆Inicio das accións co apoio da publicidade prevista: 10 meses.
- ◆Avaliación xeral do proxecto e consecución dos obxectivos previstos: 1 mes.

11(589).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE PARTICIPACIÓN IMOS TRABALLAR 2. EXPTE. 9166/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 28.05.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Participación do IMOS TRABALLAR 2 proxecto nº 615 subvencionado polo Fondo Social Europeo, aprobado por Resolución da Secretaría de Estado de cooperación Territorial de 22 de xuño de 2011, subvención que foi

aceptada con data 8 de xullo de 2011 pola Xunta de Goberno Local, que regula os órganos de participación do Pacto Local polo emprego de Vigo (Consello Reitor, Comité de Dirección, Secretaría Técnica, Comisións de Traballo Intersectoriais, Órganos de Control Económico e Financeiro), a información sobre o pacto á cidadanía e as canles e vías de participación.

PLAN DE PARTICIPACIÓN PACTO LOCAL DE EMPREGO VIGO 2012-2014

INTRODUCCIÓN.

Un Plan de participación é un documento elaborado por unha entidade impulsora do Pacto Local de Emprego do Concello de Vigo, onde se recollen todos os aspectos relacionados coas formas de participar dos axentes sociais e económicos participantes; así como da poboación en xeral.

Nel detállase os participantes, atribucións de cada un, número e temáticas das reunións, sistema para acadar acordos, implementación de sistemas de participación da cidadanía.

O presente Plan reflicte e fai efectivos os principios mencionados tanto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, como no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo, aprobado en Pleno o 31 de marzo de 2006.

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓN XERAIS.

PRIMEIRO.- Ámbito obxectivo de Aplicación.

O obxecto do presente Plan de Participación é o establecemento das formas, dos medios e dos procedementos de información e a regulación dos órganos axeitados para a participación tanto das asinantes iniciais do proxecto Imos Traballar como das cidadás e cidadáns, e as entidades cidadás, na confección do Pacto polo Emprego da cidade de Vigo, impulsado dende a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Finalidade do Plan de Participación.

Os obxectivos que se pretenden acadar co presente Plan de Participación, que teñen carácter de principios básicos e criterios de actuación son os seguintes:

- 1) Mellorar o coñecemento: a participación ben xestionada axuda a mellorar o coñecemento que os distintos grupos de interese teñen sobre os temas relacionados co emprego e a súa incidencia na calidade de vida e os valores ambientais, sociais e económicos.*
- 2) Mellorar a capacitación: a participación é un proceso de aprendizaxe activo que pola súa vez mellora a capacitación dos participantes para intervir na súa realidade, sen a intervención dos stakeholders non hai plan de acción real e posible.*
- 3) Mellorar a responsabilidade: a participación incrementa o sentimento de corresponsabilidade cos problemas locais relacionados co emprego e a predisposición para propoñer solucións aos problemas existentes.*

TÍTULO I. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DO PACTO LOCAL DE EMPREGO

TERCEIRO.- Órganos Específicos.

Un aspecto importante que debe de abordar o Plan de Participación do Pacto polo Emprego é establecer, de perante man, con claridade, cales van ser as entidades integrantes do mesmo, seleccionando ás entidades participantes en función da súa representatividade do sector ao que pertencen, evitando a excesiva atomización dos colectivos, xa que iso dificultaría a consecución de acordos.

As entidades locais participantes deben definir que departamentos internos estarán implicados no proceso de planificación e posterior execución.

Os axentes sociais e económicos de primeiro nivel que participarán nos órganos de xestión, xunto cos representantes do Concello de Vigo, son os seguintes:

- Asociación de Xoves Empresarios de Galicia (AJE-Vigo).*
- Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra (APE-Pontevedra).*
- Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. Vigo).*
- Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP).*
- Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG Vigo).*
- Unión Xeral de Traballadores de Vigo (UGT Vigo).*

Na fase de Planificación do Pacto Local de Emprego convidarase a participar a outras entidades, con voz pero sen voto, denominadas entidades de segundo nivel, como por exemplo:

- Entidades de representación veciñal.*
- Entidades de representación de colectivos vulnerables*
- Entidades Bancarias.*

A participación dos axentes sociais e económicos no pacto Local polo Emprego do Concello de Vigo canalizarase a través de órganos específicos, que contribuirán á estrutura de participación de primeiro nivel, sen prexuízo doutros organismos que se poidan crear.

Os órganos específicos de participación e concertación do Pacto serán: Consello Reitor, Comité de Dirección, Secretaría Técnica, Comisións de Traballo Intersectoriais e Órganos de Control Financeiro e Económico.

CAPÍTULO I. CONSELLO REITOR.

CUARTO.- Obxecto e finalidade.

O Consello Reitor, constituído validamente, é o órgano executivo onde están representadas todas as entidades adheridas, para deliberar e tomar acordos. É o órgano supremo de expresión da vontade social, política e económica en relación co Pacto Local polo Emprego do Concello de Vigo.

Os Acordos do Consello Reitor, adoptados conforme ao establecido, obrigan a todas as entidades adheridas, incluso ás que non participen na devandita reunión.

As Reunións dos membros do Consello Reitor poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

QUINTO.- Creación e composición do Consello Reitor.

O Consello Reitor estará composto por todas as entidades adheridas ao Pacto Local polo Emprego, tanto as denominadas de primeiro nivel como as de segundo nivel.

As entidades de primeiro nivel que compoñerán o Consello Reitor, serán as que se enumeran a continuación, todas elas con voz e con voto:

- Concello de Vigo.*
- Asociación de Xoves Empresarios de Galicia (AJE-Vigo).*
- Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra (APE- Pontevedra).*
- Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. Vigo).*

- Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP).
- Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG Vigo).
- Unión Xeral de Traballadores de Vigo (UGT Vigo).

O Consello Reitor estará composto da seguinte forma:

- a) *Presidente/a: presidirá o Consello Reitor o/a Presidente/a do Comité de Dirección, é dicir, un representante do Concello de Vigo.*
- b) *Secretario/a: actuará como Secretario/a o/a que sexa do Comité de Dirección.*
- c) *Vogais: o resto dos/as representantes das entidades participantes no Pacto.*

Ademais das persoas mencionadas anteriormente, poderán formar parte do Consello Reitor do Pacto Local polo Emprego de Vigo, con voz pero sen voto, calquera outra entidade, pública ou privada, que fundamente a súa inclusión en razón de representación de colectivos sociais en situación de vulnerabilidade ou interese manifesto en relación cos temas tratados no citado Pacto. Estes serán os denominados membros de segundo nivel.

Neste sentido, poderase adquirir a condición de membro adherido ao citado Pacto de dúas formas:

- *Que unha entidade formule unha solicitude de admisión, dirixida ao Presidente/a do Comité de Dirección, achegando a documentación que se considere necesaria para acreditar a representación e interese na participación. O Comité dispoñerá de 1 mes para resolver a citada solicitude.*

A resolución debe ser motivada e contra ela non cabe recurso en contra. Ao mesmo tempo, transcorrido o prazo máximo sen obter resposta o/a interesado/a, considérase negativa a solicitude de admisión.

- *Que o Presidente/a, a petición do Consello Reitor ou a iniciativa propia, convoque ás reunións do Consello Reitor, con voz pero sen voto, a aquelas persoas que, pola súa experiencia na materia a tratar ou pola súa posición institucional, poidan achegar unha información relevante sobre determinados temas incluídos na orde do día dunha reunión.*

SEXTO.- Facultades do Consello Reitor.

O Consello Reitor pode debater sobre calquera asunto de interese do Pacto Local de Emprego do Concello de Vigo, pero só poderá decidir sobre calquera materia incluída na Orde do Día que non sexa competencia exclusiva doutro órgano.

En todo caso o seu acordo será necesario nas seguintes ocasións:

- *Nomeamento dos membros do Comité de Dirección.*
- *Determinación do número, materia a tratar e nomeamentos dos membros das "Comisións de Traballo Intersectorial".*
- *Discusión e aprobación das liñas estratéxicas nas que se fundamenta o Pacto Local polo Emprego.*
- *Aprobación do documento final do Pacto Local polo Emprego do Concello de Vigo, remitido polo Comité de Dirección por proposta das Comisións de Traballo Intersectoriais.*
- *Calquera outra que con tal carácter fose prevista na normativa ou se preveña con carácter posterior.*

SÉTIMO.- Funcionamento do Consello Reitor.

As reunións do Consello Reitor celebraranse na localidade de Vigo ou en calquera outra localidade que se sinale na reunión anterior do Consello Reitor.

O Consello Reitor reunirse con carácter ordinario previa convocatoria polo Presidente/a do Comité de Dirección, polo menos semestralmente, para definir e avaliar as liñas de actuación estratéxicas e aprobar, se procede, o Informe de Xestión presentado polo Comité de Dirección.

O Consello Reitor reunirse con carácter Extraordinario, tantas veces como sexa necesario, a iniciativa do Comité de Dirección ou a pedimento de, polo menos, o 45% das entidades adheridas.

A convocatoria do Consello Reitor deberá efectuarse mediante o envío da Orde do Día ao enderezo das entidades adheridas cunha antelación mínima de 15 días, a través de medios que deixen constancia da súa recepción; así como na Web www.imostraballar.2com, na Web municipal.

A convocatoria haberá de expresar con claridade os asuntos a tratar na Orde do Día: o lugar, o día e a hora da reunión en primeira e segunda convocatoria. Entre ambas deberá transcorrer como mínimo media hora.

Non obstante ao anterior, o Consello Reitor entenderase validamente constituído, con carácter universal, sempre que estean presentes ou representadas a totalidade das entidades adheridas e acepten unánimemente a súa celebración e os asuntos a tratar, asinando todos eles o acta.

Quedarán validamente constituído en primeira convocatoria se están presentes ou representados máis da metade das entidades adheridas con dereito a voto, e en segunda convocatoria, cando estean presentes ou representados o 25% das entidades adheridas con dereito a voto.

O Consello Reitor adoptará os seus acordos por maioría simple dos votos validamente emitidos.

Só se poderán adoptar acordos sobre os asuntos que consten na Orde do Día. As votacións realizaranse a man alzada e cada organización contará cun voto.

Os Acordos adoptados recolleranse na correspondente Acta da Reunión.

CAPÍTULO II. COMITÉ DE DIRECCIÓN.

OITAVO.- Obxecto e finalidade.

O Comité de Dirección, constituído validamente, é o órgano de máxima representación política do Pacto Local polo Emprego do Concello de Vigo, e é o encargado de levar á acción os mandatos do Consello Reitor.

Os Acordos do Comité de Dirección, adoptados por unanimidade, obrigan a todas as entidades adheridas, incluso aos que non participen na devandita reunión, mentres non contradiga o acordado polo Consello Reitor.

NOVENO.- Creación e composición do Comité de Dirección.

O Comité de Dirección estará composto por tres membros das entidades de primeiro nivel elixidas polo Consello Reitor, sendo obrigatorio que estean representadas unha entidade de cada tipoloxía (Concello de Vigo, asociación empresarial e asociación sindical).

O Comité de Dirección estará composto por un/unha Presidente/a, e dous vogais que realizarán as funcións de Secretario/a e Secretario/a Executivo/a.

O cargo de Presidente/a recaerá no Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Os vogais serán escollidos polo Consello Reitor, de entre as entidades adheridas de primeiro nivel.

DÉCIMO.- Facultades do Comité de Dirección.

O Comité de Dirección terá as seguintes facultades:

- a) Ostentar a representación do Pacto Local polo Emprego do Concello de Vigo.*
- b) Supervisar os Informes de Xestión para remitir ao Consello Reitor.*
- c) Cumprir cos mandatos do Consello Reitor.*
- d) Coordinar, xunto coa Secretaría Técnica, as reunións e acordos das Comisións de Traballo Intersectoriais.*
- e) Calquera outra que con tal carácter fose prevista na normativa ou se preveña con carácter posterior.*

DÉCIMO PRIMEIRO.- Funcionamento do Comité de Dirección.

As reunións do Comité de Dirección celebraranse na localidade de Vigo ou en calquera outra localidade que se sinala na reunión anterior do Comité de Dirección.

A convocatoria do Comité de Dirección deberá efectuarse mediante o envío da Orde do Día ao enderezo das entidades adheridas cunha antelación mínima de 15 días, a través de medios que deixen constancia da súa recepción; así como na Web www.imostraballar2.com, na Web municipal.

A convocatoria haberá de expresar con claridade os asuntos a tratar na Orde do Día; o lugar, o día e a hora da reunión en primeira e segunda convocatoria. Entre ambas deberá transcorrer como mínimo media hora.

Non obstante ao anterior, o Comité de Dirección se entenderá validamente constituído, con carácter universal, sempre que estean presentes ou representadas a totalidade das entidades adheridas e acepten unanimemente a súa celebración e os asuntos a tratar, asinando todos eles o acta.

Quedarán validamente constituído en primeira e segunda convocatoria coa presenza da totalidade dos seus membros.

O Comité de Dirección adoptará os seus acordos por unanimidade dos votos validamente emitidos.

Só se poderán adoptar acordos sobre os asuntos que consten na Orde do Día. As votacións realízanse a man alzada e cada organización das que o conforman contará cun voto.

Os Acordos adoptados recolleranse na correspondente Acta da Reunión.

CAPÍTULO III. SECRETARÍA TÉCNICA.

DÉCIMO SEGUNDO.- Obxecto e finalidade.

Órgano cuxa finalidade é proporcionar coñecementos e experiencia necesaria ao Comité de Dirección e ás Comisións de Traballo Intersectoriais, para o desenvolvemento das funcións encomendadas.

DÉCIMO TERCEIRO.- Creación e composición da Secretaría Técnica.

A Secretaría Técnica estará composta por profesionais externos ás entidades adheridas ao Pacto Local polo Emprego, baixo a dependencia do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTO.- Facultades da Secretaría Técnica.

Entre as súas facultades salienta a de prestar apoio técnico en todo aquilo que se lle requira, en virtude do acordo ou contrato de vinculación asinado co Concello de Vigo.

CAPÍTULO IV. COMISIÓN DE TRABALLO INTERSECTORIAIS.

DÉCIMO QUINTO.- Obxecto e finalidade.

As Comisións de Traballo Intersectoriais, constituídas validamente, son os órganos de concertación onde están representadas todas as entidades adheridas.

A súa principal función é a de acadar acordos sobre as accións a seguir, en relación coas materias a tratar, para lograr máis e mellor emprego de calidade.

Os Acordos das Comisións de Traballo Intersectoriais, adoptados conforme ao establecido, obrigan a todas as entidades adheridas, incluso ás que non participen na devandita reunión.

O número e denominación das Comisións de Traballo é o seguinte:

- Comisión de Traballo de Inserción Socio-Laboral e Formación.*
- Comisión de Traballo de Fomento da Actividade Económica e Empresarial.*
- Comisión de Traballo de Apoio aos Novos Xacementos de Emprego.*
- Comisión de Traballo de Novas Tecnoloxías e Desenvolvemento Sostible.*
- Comisión de Traballo de Igualdade.*
- Comisión de Traballo de Seguridade Laboral e Ambiental.*
- Comisión de Traballo de Difusión e Transferibilidade.*

DÉCIMO SEXTO.- Creación e Composición das Comisións de Traballo Intersectoriais.

Cada Comisión de Traballo Intersectorial estará composta, polo menos, por un/unha representante das seguintes entidades, todas elas con voz e con voto (aínda que só se admitira un voto por entidade):

- Concello de Vigo.*
- Asociación de Xoves Empresarios de Galicia (AJE-Vigo).*
- Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra (APE-Pontevedra).*
- Comisións Obreiras de Vigo (CC.OO. Vigo).*
- Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP).*
- Confederación Intersindical Galega de Vigo (CIG Vigo).*
- Unión Xeral de Traballadores de Vigo (UGT Vigo).*

As Comisións de Traballo Intersectoriais estarán compostas da seguinte forma:

- a) Presidente/a. Cada unha das entidades que forman parte do Pacto presidirán unha das Comisións de Traballo, sendo tamén a súa responsabilidade a coordinación dela.*
- b) Secretario/a. Pertencente á mesma entidade que o presidente/a da Comisión de Traballo. Encargarase de redactar acta de cada unha das reunións e, xunto co presidente/a, redactar o documento borrador.*
- c) Vogais. O resto dos/as integrantes das organizacións que non presidan a Comisión de Traballo.*

Ademais poderán formar parte de cada Comisión de Traballo, con voz pero sen voto, calquera outra entidade, pública ou privada, que fundamente a súa inclusión en razón de representación

de colectivos sociais en situación de vulnerabilidade ou interese manifesto en relación cos temas tratados no citado Pacto. Estes serán os denominados membros de segundo nivel.

Neste sentido, para adquirir a condición de membro adherido a cada Comisión de Traballo, poderase realizar de dúas formas:

- Que unha entidade formule unha solicitude de admisión, dirixida ao Presidente/a do Comité de Dirección, anexando a documentación que se considere necesaria para acreditar a representación e interese na participación. O Comité dispoñerá de 1 mes para resolver a citada solicitude.

A resolución debe ser motivada e contra ela non cabe recurso en contra. Ao mesmo tempo, transcorrido o prazo máximo sen obter resposta o/a interesado/a, considérase negativa a solicitude de admisión.

- Que o/a Presidente/a da Comisión de Traballo, a pedimento dos seus membros, convoque ás reunións, con voz pero sen voto, a aquelas persoas que, pola súa experiencia na materia a tratar ou pola súa posición institucional, poidan achegar unha información relevante sobre determinados temas incluídos na orde do día dunha reunión.

DÉCIMO SÉPTIMO.- *Facultades das Comisións de Traballo Intersectoriais.*

As Comisións de Traballo Intersectoriais poden debater sobre calquera asunto de interese relacionado coa materia que lle corresponda, pero só poderá decidir sobre materias incluídas na Orde do Día que non sexan competencia exclusiva doutro órgano.

As actividades principais de cada unha das Comisións de Traballo serán:

- ◆Avaliación conxunta das perspectivas locais de emprego.
 - ◆Establecemento de obxectivos e metas a acadar a medio e longo prazo en cada unha das materias obxecto de estudo.
 - ◆Selección de accións prioritarias.
 - ◆Asignación de responsabilidades por acción, cronograma e orzamento das mesmas.
 - ◆Elaboración dunha acta da reunión.
 - ◆Deseño de mecanismos de control, seguimento e avaliación.
- ◆Calquera outra que con tal carácter estea prevista na normativa ou se prevexa con carácter posterior.

DÉCIMO OITAVO.- *Funcionamento das Comisións de Traballo Intersectoriais.*

As reunións das Comisións de Traballo Intersectoriais celebraranse na localidade de Vigo ou en calquera outra que se sinale nunha reunión anterior.

As Comisións de Traballo serán convocadas polo seu respectivo Presidente/a. A convocatoria de cada Comisión de Traballo deberá efectuarse mediante o envío da Orde do Día ao enderezo das entidades adheridas cunha antelación mínima de 15 días, a través de medios que deixen constancia da súa recepción; así como na Web www.imostraballar2.com, na Web municipal.

A convocatoria deberá expresar con claridade os asuntos a tratar na Orde do Día; o lugar, o día e a hora da reunión en primeira e segunda convocatoria. Entre ambas deberá transcorrer como mínimo media hora.

A Orde do Día será fixada polo/a Presidente/a de cada Comisión de Traballo, en colaboración co Comité de Dirección e a Secretaría Técnica.

Quedarán validamente constituído en primeira convocatoria cando estean presentes ou representadas máis da metade das entidades adheridas con dereito a voto, e en segunda convocatoria, cando estean presentes ou representadas o 25% das entidades adheridas con dereito a voto.

Presidirá cada Comisión de Traballo o seu correspondente Presidente/a e actuará como Secretario/a a persoa que fose nomeado/a para tal efecto. Asistirán ás reunións das Comisións de Traballo Intersectoriais os membros da Secretaría Técnica, en calidade de expertos, que terán voz pero sen voto.

Cando na Orde do Día exista algún asunto que se refira persoalmente ao Presidente/a ou Secretario/a, serán substituídos por quen elixa o Consello Reitor.

As Comisións de Traballo Intersectoriais adoptarán os seus acordos por maioría simple dos votos validamente emitidos.

Só se poderán adoptar acordos sobre os asuntos que consten na Orde do Día. As votacións realízanse a man alzada.

CAPÍTULO V. ÓRGANOS DE CONTROL ECONÓMICO E FINANCEIRO.

DÉCIMO NOVENO- Órganos de Control Económico e Financeiro de Pacto Local polo Emprego do Concello de Vigo.

Os órganos habilitados dentro do Pacto Local polo Emprego do Concello de Vigo, estarán baixo a dependencia do propio Concello, obrigándose a cumprir coas disposicións regulamentarias que vinculen a actuación das entidades locais.

Ao mesmo tempo, tamén deberán cumprir co expresado na normativa vixente da Unión Europea, especialmente no relativo á elixibilidade dos gastos polo Fondo Social Europeo.

En todo caso, os órganos de control económico e financeiro do Concello de Vigo, serán os encargados de velar polo cumprimento da normativa ao respecto.

TÍTULO II: INFORMACIÓN SOBRE O PACTO Á CIDADANÍA.

VIXÉSIMO.- Dereitos de Información.

O Concello de Vigo garantirá ás súas veciñas e veciños o dereito á información sobre a xestión do Pacto polo Emprego, de acordo coas disposicións legais vixentes e o presente Plan de Participación. As informacións serán facilitadas en idioma galego, agás petición expresa en sentido contrario.

Todas as cidadás e cidadáns terán dereito a:

- 1) Coñecer, en calquera momento, en calidade de interesados/as o estado de tramitación do Pacto Local polo Emprego, e obter copias dos acordos contidos nel.
- 2) Identificar as autoridades, entidades participantes e persoas ao servizo da Administración Municipal local baixo cuxa responsabilidade se tramite o Pacto.
- 3) Obter copia selada dos documentos que presenten, achegándoa cos orixinais; así como a devolución destes, agás cando os orixinais deban obrar o procedemento.
- 4) Formular propostas e achegar documentos en calquera fase do procedemento, no que ostentan a condición de interesado/a, anterior ao trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.
- 5) Obter información e orientación sobre os requisitos xurídicos ou técnicos que os acordos do Pacto polo Emprego impoñan aos proxectos ou actuacións de cidadáns e empresas.

- 6) *Ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios/as, que facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das obrigas.*
- 7) *Obter copias e certificacións acreditativas dos acordos do Pacto Local e dos seus antecedentes.*
- 8) *Exercer calquera outro dereito que recoñeza o ordenamento xurídico.*

VIXÉSIMO PRIMEIRO.- Medios de Información.

O Concello de Vigo informará aos veciños e veciñas da xestión e avances do Pacto Local polo Emprego, a través dos medios de comunicación social e municipal.

Deste modo informará a través da Web corporativa do Concello e do portal específico www.imostraballar2.com, publicacións de bandos, anuncios en taboleiros e paneis informativos, organización de actos informativos e cantos outros medios se considéren necesarios.

Así mesmo recollerá a opinión da veciñanza; e das entidades que representen, mediante un formulario ao que se poderá acceder a través do portal www.imostraballar2.com.

Os acordos municipais en relación co Pacto Local polo Emprego, serán divulgados da forma máis sinxela e apropiada para que poida ser coñecida polos/as cidadáns/as, a fin de que poidan exercer os seus dereitos e cumprir as súas obrigas.

O Concello de Vigo fomentará o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación mediante unha páxina Web específica, denominada www.imostraballar2.com, que permitirá:

- Ofrecer toda a información e documentación existente en relación cos procesos de concertación social desenvolvidos no seo das Comisións de Traballo Multisectoriais.*
- Habilitar sistemas que permitan incorporar as opinións cidadás nos procesos de concertación.*

VIXÉSIMO SEGUNDO.- Peticións de Información.

Os cidadáns e cidadás poderán solicitar por escrito ou a través da Web www.imostraballar2.com, información sobre as actuacións municipais relacionadas co Pacto polo Emprego; estas peticións deberán ser razoadas.

As peticións de información relativas ao Pacto Local polo Emprego, serán contestadas no prazo máximo de 15 días naturais. No caso de non ser posible dar a resposta no tempo establecido, o departamento receptor está obrigado a dar razón da demora.

VIXÉSIMO TERCEIRO.- Acceso aos Rexistros e Arquivos.

As cidadás e cidadáns terán acceso á documentación dos arquivos e rexistros municipais relativos ao Pacto Local polo Emprego; tamén á documentación dispoñible na Web www.imostraballar2.com, para o cal deberán acreditar un interese sobre estes. A petición deberá facerse de forma razoada a través do Rexistro Xeral, ou ben a través da Web para o acceso á documentación nela disposta.

O acceso á documentación terá lugar no prazo máximo de 15 días. A data para o acceso aos Rexistros e Arquivos Municipais deberá ser comunicada cando menos con dous días de antelación.

No caso de non ser posible dar a resposta no tempo establecido, o departamento receptor está obrigado a dar razón da demora.

VIXÉSIMO CUARTO.- Información acerca dos Procedementos do Pacto Local polo Emprego.

As cidadás e cidadáns terán dereito a coñecer o estado de tramitación do Pacto Local e a obter copias dos acordos acadados nas Comisións de Traballo Intersectoriais; así como a recibir información e orientación sobre os requisitos esixidos para as actuacións que se propoñan realizar.

VIXÉSIMO QUINTO.- Unidades Informativas.

O Concello dispoñerá dos medios e a organización necesaria para facilitar o acceso das cidadás e cidadáns á información sobre o Pacto Local polo Emprego.

Nos espazos de atención cidadá ofrecerase, en todo caso, información sobre o Pacto Local polo Emprego, sobre súas fins, competencias, funcionamento, servizos, recursos, actividades e acordos adoptados.

VIXÉSIMO SEXTO.- Publicidade das Comisións de Traballo Intersectoriais.

Para información das veciñas e veciños en xeral, as convocatorias e orde do día das sesións das Comisións de Traballo Intersectoriais faranse públicas na Web www.imostraballar2.com; así como na Web de Concello, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e taboleiros das oficinas dos espazos de atención cidadá das entidades participantes.

Sen prexuízo do previsto pola normativa vixente sobre notificación e publicidade de actos e acordos, o Concello de Vigo dará publicidade resumida dos acordos das Comisións de Traballo Intersectoriais, así como das reunións do Consello Reitor de Pacto Local polo Emprego a través da web www.imostraballar.com, da web municipal, do taboleiro de anuncios da casa do Concello e taboleiros de oficinas dos espazos de atención cidadá das entidades participantes.

TÍTULO III: CANLES E VÍAS DE PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA.

VIXÉSIMO SÉPTIMO.- O Dereito de Pedimento.

Co alcance previsto na normativa de desenvolvemento do artigo 29 da Constitución, toda a cidadanía, e persoas xurídicas teñen o dereito a dirixirse de forma individual ou colectiva a calquera autoridade ou órgano municipal para solicitar a adopción de actos ou acordos en materia de competencia municipal ou de interese local, especialmente no relacionado ao Pacto Local polo Emprego. Do exercicio deste dereito non poderá derivar prexuízo ningún ao/a petionario/a.

Non son obxecto deste dereito, nin se poderan admitir peticións, suxestións, queixas ou reclamacións que se amparen nun título diferente ao dereito de pedimento, nin as que fagan referencia a materias para as cales o ordenamento xurídico prevexa un procedemento específico distinto.

A petición poderá ser formulada por escrito,deberá ser asinada pola persoa solicitante, e terá que constar o seu nome e domicilio, realizarase mediante instancia dirixida ao Alcalde Presidente do Concello de Vigo, presentada no Rexistro Xeral de Concello, ou por calquera outro medio previsto no procedemento administrativo.

Se a petición se estimase fundada, adoptaranse as medidas oportunas co fin de lograr a súa efectividade. En calquera caso, no prazo máximo de tres meses trasladarase ao interesado a resolución que se adopte.

VIXÉSIMO OICTAVO.- O Dereito de Proposta e as Proposicións diante das Comisións de Traballo Multisectoriais.

Todas e todos os cidadáns teñen dereito a dirixirse individual ou colectivamente a calquera autoridade ou órgano municipal relacionado co Pacto Local polo Emprego para elevar propostas de actuación, comentarios ou suxestións nas materias abordadas polo citado Pacto.

As propostas, nas que deben figurar os datos necesarios identificativos para a súa contestación, poderán ser cursadas a través da Web www.imostraballar2.com, ou mediante instancia no Rexistro Municipal.

O Consello Reitor do Pacto Local polo Emprego deberá estudar o contido da proposta e informarlle ao Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado ou ao/á Coordinador/a Xeral do que dependa, quen no prazo de trinta días comunicará por escrito á parte propoñente sobre o curso que se lle dará á súa proposta.

VIXÉSIMO NOVENO.- Consulta Popular.

O Concello, de conformidade co disposto no artigo 71 de LBRL e 257 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os xuros das veciñas e veciños, como é o caso do Pacto Local polo Emprego do Concello de Vigo.

En relación ao citado Pacto, a iniciativa de proposta de consulta correspóndelle a:

- a) Ao Alcalde por solicitude dos/as veciños/as do municipio que representen ao 5% dos que ten dereito a sufraxio activo nas eleccións municipais, referendadas polo Pleno mediante acordo adoptado por maioría absoluta dos membros da Corporación.
- b) O Alcalde, tralo acordo de maioría absoluta do Pleno Municipal.

O acordo de consulta precisará os termos exactos nos que se deberá formular.

En todo caso, correspóndelle ao Concello de Vigo a realización dos trámites para levar a cabo a consulta popular, de acordo coa regulación prevista na Lei de administración local de Galicia.

TRIXÉSIMO.- Sondaxes Cidadáns.

O Concello de Vigo ten a potestade de coñecer e avaliar a opinión da cidadanía sobre materias de especial interese relacionados co Pacto polo Emprego por medio de sondaxes, podendo detectar o grao de aceptación das súas decisións ou propostas. Poderán estar referidas a todo o territorio municipal ou a un ou varios distritos.

A realización de sondaxes será acordada polo Pleno a iniciativa do Alcalde ou dalgún grupo municipal; no acordo aprobarase o texto da consulta, o período de realización e de fiscalización do proceso. En todo caso as sondaxes realizaranse a través dos medios telemáticos proporcionados polas novas tecnoloxías.

O Concello dará a coñecer os resultados das sondaxes que leve a cabo a través dos seus medios de comunicación, especialmente fomentarse o uso da Web www.imostraballar2.com, no prazo dos cinco días seguintes ao de finalización do período de consulta.

TRIXÉSIMO PRIMEIRO.- Enquisas de Avaliación de Calidades dos Servizos.

Co fin de avaliar o coñecemento da opinión da cidadanía sobre o funcionamento do Pacto Local polo Emprego, poderanse levar a cabo periodicamente, previa proposta do Consello Reitor do Pacto, enquisas e estudos de opinión que reflectan a realidade das actividades dende a perspectiva de satisfacción de cidadán/á-usuario/a.

Os obxectivos das enquisas de satisfacción estarán dirixidos aos seguintes fins:

- Coñecer que servizos desexan ou esperan os usuarios actuais ou potenciais.
- Determinar o nivel de calidade dos servizos municipais de Emprego.

c) *Descubrir as causas de descontento non detectadas a través de outros procedementos.*

As enquisas de satisfacción realizaranse a través de asistencias técnicas contratadas con empresas especializadas ou mediante convenios interadministrativos de colaboración con institucións públicas.

As conclusións das enquisas serán trasladadas ao Consello Reitor e ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que efectuarán as recomendacións que considere convenientes para acadar os obxectivos de satisfacción desexados.

TRIXÉSIMOSEGUNDO.- Iniciativa Cidadá.

A iniciativa popular é aquela forma de participación das cidadás e cidadáns nos temas a tratar polo Pacto Local polo Emprego, mediante o cal as veciñas e veciños de Vigo poderán presentar propostas á normativa en materia de competencia municipal, especificamente no relativo ás materias a tratar no Pacto Local polo Emprego. O seu proceso regularase no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello.

12(590).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A PRESTACION DE ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO EN DETERMINADOS AREAIS DO TERMINO MUNICIPAL. EXPTE. 9422/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.05.13 , o informe de fiscalización do 23.05.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e Xuventude e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación da asistencia sanitaria de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do Municipio dende o día 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2013, co texto que de seguido se transcribe.

Segundo.- Autorizar o gasto, a dispoñibilidade do crédito e facer o abono deste nos termos derivados da estipulación DÉCIMA do convenio, por un importe total de 144.256,96 € (base imponible 119.220,63 €, IVA do 21% 25.036,33 €), con cargo á partida 1721.2279905 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado polas partes.

Cuarto.- Notificar o presente acordo, en legal forma, á Cruz Vermella Española, significándolle que na execucion do convenio deberá, en todo caso, seguir o determinado no convenio e as instrucións que ao efectos se ditén por este Concello: Servizo de Medio Ambiente.

TEXTO DO CONVENIO QUE SE APROBA:

"CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOS AREAIS 2013

En Vigo, de de 2013.

R E U N I D O S:

Dunha parte:

D. , en representación do Concello de Vigo, segundo da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asistido/a pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D^a.

Doutra:

D. Domingo Santamarina Barreiro, delegado especial do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 16 de xaneiro de 2012 do presidente de Cruz Vermella Española, en representación desta.

Os dous, de mutuo acordo

M A N I F E S T A N

PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.

SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a súa integración social. A prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias. A cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercizo de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.

TERCEIRO: Que ao abeiro do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuir ao desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.

CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areas de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e coa Orde de 31 de xullo de 1972 (Presidencia) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño. (Clasificación do areal, servizo de vixilancia, servizo de auxilio e salvamento).

QUINTO: A Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello no servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, para o que pon á disposición deste a infraestrutura, os recursos materiais e o máis importante, o elemento humano: os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.

Por conseguinte, ambas partes formalizan de mutuo acordo este convenio de colaboración nos areas, de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIONES

PRIMEIRA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, comprométese a realizar o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas de Samil, Illas Cíes (praia de Rodas), Vao, Tombo do Gato (antigamente, A Fonte), Canido, Argazada, Teis e Fontaiña, durante a época estival do presente ano. (Nas datas e horarios que se detallan no anexo I e de acordo co disposto na cláusula duodécima do presente convenio).

Non é obxecto do presente convenio a cobertura de salvamento na mar nin a vixilancia dos areas anteriormente citadas.

SEGUNDA: Para levar a cabo o referido servizo, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos relacionados no documento anexo II e que previamente determinou o Concello como suficientes para a realización do servizo. Manifestan, por tanto, que con iso a Cruz Vermella se fai cargo da xestión dunha parte das competencias que a lei lle atribúe ao Concello e que do resto o único responsable será O Concello.

TERCEIRA: Que a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo achegará durante a vixencia do presente convenio o material da súa propiedade relacionado no anexo II.

CUARTA: A Cruz Vermella Española acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude deste convenio realizou os correspondentes cursos de formación, e que deberá estar en posesión dos cursos de socorros e emerxencias ou primeiros auxilios ou auxiliar de transporte sanitario, segundo o tipo de actividade ao que estea adscrito; así como aqueloutras titulacións específicas que esixa o desempeño das tarefas que lles fosen encomendadas.

QUINTA: O Concello de Vigo comprométese a sinalizar a localización dos postos de primeiros auxilios, a establecer accesos e mantelos accesibles para as ambulancias.

SEXTA: O cambio de bandeiras de sinalización de utilización de areas será responsabilidade do Concello de Vigo.

SÉTIMA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a efectuar os pagamentos necesarios motivados polas accións comprendidas neste convenio, así como a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.

OITAVA: Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e ambas as dúas comprométense a dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

NOVENA: En caso ningún esta prestación suporá relación laboral ningunha entre o persoal da Cruz Vermella e o Concello de Vigo.

DECIMA: Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aboaralle á Cruz Vermella Española a cantidade de 144.256,96 euros, IVE engadido (cento cuarenta e catro mil

douscentos cincuenta e seis con noventa e seis €) con cargo a partida núm. 1721.2279905 de asistencia sanitaria en praias, do orzamento para o ano 2013.

Cruz Vermella Española emitirá factura detallada dos gastos realizados, o 15 de cada mes (xullo, agosto e setembro).

O pagamento realizarase tras a presentación da correspondente factura por parte da Cruz Vermella Española que deberá conformar a Área de Medio Ambiente

O último pago realizarase previa presentación da correspondente Memoria por parte de Cruz Vermella Española na que deberán detallarse os servizos prestados e certificación do cumprimento do Convenio expedida polo Área de Medio Ambiente.

UNDÉCIMA: Créase unha comisión paritaria que formada por parte do Concello de Vigo por:

A Concelleira-delegada de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue.

O Xefe da Área de Medio Ambiente.

Un representante de Protección Civil do Concello.

Por parte da Cruz Vermella:

O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.

O coordinador xeral da Asemblea Comarcal.

O responsable do servizo de areas.

Ambas partes recoñecen esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida xurdir tanto da interpretación como da aplicación do presente convenio.

DUODÉCIMA: O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día 15 de xuño de 2013 e estará vixente ata o día 15 de setembro de 2013.

DÉCIMO TERCEIRA: A resolución de calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución deste convenio, e que non poida resolver a Comisión Paritaria; ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdicción e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ao seu propio foro se o tiveren.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexendose polo dereito administrativo e supletoriamentepolas normas do dereito privado. O orde xurisdiccional será o contencioso administrativo en todo caso.

E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos estendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.

ANEXO I -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO

Posto no areal de Samil

-LUGAR: posto de primeiros auxilios no paseo do areal de Samil.

-DATAS DE ATENCIÓN: Do 15/06/13 até o 15/09/13.

- HORARIO: Nos meses de xuño e setembro:

De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.

Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

Nos meses de xullo e agosto

De luns a domingo de 11:00 h a 20:00 h

Posto no areal do Vao

-LUGAR: situado no areal do Vao.
-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/13 até o 15/09/13.
-HORARIO: No meses de xuño e setembro:
De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h
Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h
- Nos meses de xullo e agosto
De luns a domingo de 11:00 h a 20:00 h.

Posto na Praia de Rodas nas illas Cíes

-LUGAR: situado no lado norte do areal de Rodas nas illas Cíes.
-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/13 ao 15/09/13
-HORARIO: Nos meses de xuño e setembro:
Dende o barco das 10:15 h. Vigo- Illas Cíes ata o barco das 20:00 h. Illas Cíes – Vigo. Fins de semana.
Nos meses de xullo e agosto:
Dende o barco das 10:15 h. Vigo- Illas Cíes ata o barco das 20:00 h. Illas Cíes - Vigo. Atención diaria

Posto no areal do Tombo do Gato (A Fonte)

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia do Tombo do Gato.
-DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/13 ata o 15/09/13.
-HORARIO: Nos meses de xuño e setembro:
Fins de semana de 11:00 a 20:00 h
Nos meses de xullo e agosto:
De luns a domingo de 11:00 h a 20:00 h

Posto no areal de Canido

-LUGAR: posto de primeiros auxilios na praia de Canido.
-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/13 até o 31/08/13.
-HORARIO: De luns a venres de 15:30 h ata as 20.00 h;
Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

Posto no areal de Argazada (Samil 2)

-LUGAR : posto de primeiros auxilios situado no areal de Argazada
-DATAS DE ATENCIÓN: Do 01/07/13 ata o 31/08/13.
-HORARIO: De luns a domingo de 11.00 horas ata as 20.00 horas.

Posto no areal da Punta

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Teis.
-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/13 ata o 31/08/13
-HORARIO: De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h
Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

Posto no areal de Fontáña

- LUGAR: posto de primeiros auxilios situado no areal de Fontaiña.
- DATAS DE ATENCIÓN: do 1/07/13 ata o 31/08/13
- HORARIO: De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.
Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA

Posto no areal de Samil

- MEDIOS HUMANOS: 4 socorristas de primeiros auxilios
1 conductor
1 D U E
- MEDIOS MATERIAIS: ambulancia e material sanitario. O posto fixo é de titularidade do Concello.

Posto no areal do Vao

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.
1 conductor – socorrista
- MEDIOS MATERIAIS: material sanitario. O posto fixo é de titularidade do Concello.

Posto no areal de Rodas nas illas Cíes

- MEDIOS HUMANOS: 1 médico ou D U E (meses de xullo e agosto)
2 socorristas de primeiros auxilios
- MEDIOS MATERIAIS: Posto fixo e material sanitario

Posto no areal de Tombo do Gato (A Fonte)

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios
- MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal de Canido

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.
- MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal de Argazada (Samil 2)

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.
- MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal da Punta (Teis)

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.
- MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal de Fontaiña

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas de primeiros auxilios.
- MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario. ""

13(591).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDO DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 9387/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, de 28.05.13, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a REVISIÓN, ACTUALIZACIÓN, DO MAPA ESTRATÉGICO DE RUÍDO DA CIDADE DE VIGO, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 10 de marzo de 2008, cuxo proxecto de revisión de decembro de 2012 foi redactado por Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicacións, S.L., por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na L.37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (exp. Nº 9387/306).

Segundo: Someter o expediente ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra e no taboleiro oficial de editos da Casa do Concello, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes observacións e suxestións.

Terceiro: A documentación do Mapa de Ruídos de Vigo estará dispoñible tanto nas oficinas de información ó público da Casa do Concello (Praza do Rei, 2) como na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org>.

Cuarto: Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

14(592).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “DERRUBA DO EDIFICIO MUNICIPAL DO ANTIGUO RESTAURANTE EL CASTILLO”. EXPTE. 6820/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.05.13, o informe de fiscalización do 23.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 23.05.13, conformado pola xefa de Rehabilitación e Cascos Históricos, a concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación que contén o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e das Follas de Especificacións do Contrato, redactadas e asinadas polo Xefe da oficina administrativa de Contratación o 21/05/2013 e que rexirán no contrato de obras DE DERRUBA DO EDIFICIO MUNICIPAL DO ANTIGUO RESTAURANTE EL CASTILLO.

Segundo.- Autorizar o gasto para o presente exercicio por importe total de 239.804,87 euros, con cargo a partida orzamentaria 1510.2100000 do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista por procedemento negociado con publicidade.

Cuarto.- En todo caso, a materialización do contrato queda condicionada á autorización do proxecto arqueolóxico pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

15(593).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DO ANTIGUO CHALET MIRAMBELL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO VILLA ROMANA DE TORALLA”. EXPTE. 6837/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.03.13, o informe de fiscalización do 6.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 24.05.13, conformado pola xefa de Rehabilitación e Cascos Históricos, a concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de REHABILITACIÓN DO ANTIGUO CHALET MIRAMBELL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO VILLA ROMANA DE TORALLA ao amparo dos artigos 112 do TRLCSP a efectos de redución de prazos, e o artigo 144 do TRLCSP.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e das Follas de Especificacións do Contrato, redactadas e asinadas polo Xefe da oficina administrativa de Contratación o 23/04/2013 e que rexirán no contrato de obras para REHABILITACIÓN DO ANTIGUO CHALET MIRAMBELL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO VILLA ROMANA DE TORALLA

Terceiro.- Autorizar o gasto para o presente exercicio por importe total de 884.431,87 euros, (IVE engadido do 21%) con cargo a partida orzamentaria 3360.6320003 do orzamento municipal vixente.

Cuarto.- Aprobar o proxecto museográfico redactado pola arqueóloga Matilde González Mendez en outubro de 2012 e que acompaña ao expediente.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista por procedemento aberto.

Sexto.- En todo caso, a materialización do contrato queda condicionada á obtención das autorizacións preceptivas que cada administración territorial, en razón das súas competencias, esixa.

16(594).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2013. EXPTE. 24110/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 21.05.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Abril-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

17(595).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2013. EXPTE. 24111/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 20.05.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Abril de 2013, e que ascenden a un total de 1.212'12 € (mil douscentos doce euros con doce céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

18(596).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2013. EXPTE. 24112/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 21.05.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade,

corresponde aboar a don Florentino Prieto Domínguez, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente e que ascende a un total de 81'72 euros (oitenta e un euro con setenta e dous céntimos), correspondente ao mes de Abril de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

19(597).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MOS DE ABRIL DE 2013. EXPTE. 24113/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 21.05.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Abril-2013 e que ascenden a un total 611'00 € (seiscentos once euros), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

20(598).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DECEMBRO 2012-ABRIL 2013. EXPTE. 24116/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 6.751,20 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en D. Constantino Domínguez Casales-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
68127, 68323, 68495, 68679, 68895-250	Vías e Obras	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.050-B	77170	Decembro 2012- Abril 2013	600,10 €
68792-250		Berros Pérez, Alfonso	32.873.182-H	78966	Xan.-Marzo 2013	360,60 €

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
68897-250		Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Abril 2013	300,20 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Abril 2013	300,77 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Abril 2013	297,16 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Abril 2013	281,77 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Abril 2013	300,20 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Abril 2013	297,54 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Abril 2013	299,82 €
6084-320	Part. Cidadá	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Abril 2013	33,92 €
9784-77	D.Local e Empleo	Esteban Aguirre, Beatriz	35.255.476-H	80961	Abril 2013	45,01 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Abril 2013	319,01 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Abril 2013	319,20 €
85566-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Abril 2013	172,14 €
85567-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Abril 2013	189,81 €
85568-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Abril 2013	181,64 €
27281-27287-502	Inspección Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Abril 2013	177,46 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Abril 2013	176,89 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Abril 2013	230,28 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Abril 2013	240,54 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Abril 2013	241,30 €
		Román Casas, Juan Carlos	36.011.347-V	26866	Abril 2013	152,00 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Abril 2013	99,18 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Vázquez Díaz, José Manuel	36.044.945-N	22958	Abril 2013	23,56 €
82081-301	Benestar Social	Malvido Rodríguez, Azucena	78.739.579-E	78717	Marzo 2013	13,46 €
9747/9748-445	Parque Móbil	Alonso Ferragud, Santiago		16691	Xan.-Febreiro 2013	467,21 €
	Educación	Codesido Rodríguez, J.Felipe	36.081.823-K	19399	Abril 2013	100,32 €
		Silva Lorenzo, Alfonso	36.002.568-R	15668	Abril 2013	68,21 €
13210-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Marzo-Abril 2013	461,90 €
TOTAL						6.751,20 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	3.038,16 €
2410	Participación Cidadá e Empleo	78,93 €
9220	Conserxería	638,21 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	543,79 €
9310	Inspección de Tributos	1.218,47 €
1640	Cemiterios	99,18 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	23,56 €
2310	Benestar Social	13,46 €

9222	Parque Móbil	467,21 €
3210	Educación	168,53 €
3134	Sanidade	461,90 €
	TOTAL	6.751,20 €

21(599).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO EXCMO. ALCALDE DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS RELACIONADAS CO MERCADO DO PROGRESO NO CONCELLEIRO DE INDUSTRIA, TURISMO, CULTURA E FESTAS .

Dáse conta da resolución do Excmo. Alcalde, do 16.05.13, que di o seguinte:

Mediante Resolución de Delegacións de data 07.02.2013 esta Alcaldía ten delegado o impulso e a xestión dos Mercados Municipais na Concellería Delegada de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio.

O Mercado Municipal do Progreso xestiónase directamente polo Concello de Vigo, non obstante, o Pleno do Concello, en sesión de data 29 de decembro de 2008, acordou aprobar a súa xestión indirecta mediante a modalidade de concerto, iniciando no seu día a Concellería competente en materia de Comercio, desempeñada polo Concelleiro D. Cayetano Rodríguez Escudero, os estudos previos da proxectada contratación.

O Mercado Municipal do Berbés xestiónase directamente polo Concello de Vigo atopándose previstas diversas actuacións de remodelación e acondicionamento para a súa posta en valor.

O feito de que o concelleiro citado iniciara, respecto do Mercado Municipal do Progreso, a documentación preparatoria do contrato recomenda, neste caso, que sexa o mesmo concelleiro quen conclúa o expediente, por outra banda o coñecemento dos obxectivos específicos a acadar no Mercado do Berbés tamén aconsella que sexa tal concelleiro quen prosiga co impulso das actuacións pendentes.

Os efectos mencionados, en uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RESOLVO:

PRIMEIRO: Delegar no Concelleiro de Industria, Turismo, Cultura e Festas a tramitación, impulso e instrución do expediente que ten por obxecto a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso mediante a modalidade de concerto sen prexuízo de que o seguimento da actual xestión directa, no que se refire á tramitación dos gastos que orixina a mesma e calquera outra actuación conexas, sexa instruída pola Concellería Delegada de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio.

SEGUNDO: Delegar no Concelleiro de Industria, Turismo, Cultura e Festas a posta en marcha do proxecto funcional do Mercado Municipal do Berbés.

TERCEIRO: Para o cumprimento dos fins previstos os concelleiros delegados exercerán as atribucións e facultades mencionadas nos apartados cuarto e seguintes, agás o sétimo, da miña Resolución de data 07.02.2013.

CUARTO: Notificar a presente Resolución ao concelleiro delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas e ao concelleiro delegado de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio e ás xefaturas dos servizos afectados.

QUINTO: A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

SEXTO: Dar conta individualizada da presente Resolución á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

22(600).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

A) PRASOVAL S.L. EXPTE. 85468/210.

Visto o informe de fiscalización do 20.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 6.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 27 de marzo de 2013 por PRASOVAL, S.L. con NIF B-36838068, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Sanjurjo Badía, 166, por non producirse danos.

B) MONTEROMÁN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L. EXPTE. 85528/210.

Visto o informe de fiscalización do 20.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 6.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 11 de abril de 2013 por Monteromán Empresa constructora, S.L. con NIF B-36805653, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Teófilo Llorente, 12 por non producirse danos.

C) HOSPITAL POVISA S.A. EXPTE. 85470/210.

Visto o informe de fiscalización do 20.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 6.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 22 de abril de 2013 por Hospital Povisa, S.A. con NIF A-36606788, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran oca-

sionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Salamanca, 5, por non producirse danos.

D) ALDASA S.L.U. EXPTE. 85686/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 19 de agosto de 2011 por Construcciones ALDASA, S.L.U., con NIF B-15760150 por un importe de 10.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Hortas, 10, por non producirse danos.

E) DECORACIONES INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES S.A. EXPTE. 85685/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 02 de agosto de 2011 por Decoraciones Instalaciones y Construcciones, SAU, con NIF A-36011047 por un importe de 20.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa San Sebastián, 8, por non producirse danos.

F) COMUNIDAD DE PROPIETARIOS LÓPEZ MORA 62. EXPTE. 85404/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 27 de febreiro de 2013 por Cdad. Prop. López Mora, 62, con NIF H-36690311, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa López Mora, 62, por non producirse danos.

G) MODUS OBRAS Y CONTRATAS S.L. EXPTE. 85657/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de abril de 2013 por Modus Obras y Contratas, S.L., con NIF B-36857654 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Fragoso, 8, por non producirse danos.

H) DISTRIBUCIONES GALLEGAS DE STOCKS S.L. EXPTE. 85040/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 05 de febreiro de 2013 por Distribuciones Gallegas de Stocks, S.L. con NIF B-36456291 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Coruña, 2, por non producirse danos.

I) JOSÉ FERNÁNDEZ ALVAREZ. EXPTE. 85596/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 13 de febreiro de 2013 por José Fernández Álvarez, con NIF 36113642-P por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Progreso, 38, por non producirse danos.

K) FRANCISCO TABOADA VILLAR. EXPTE. 85638/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 19 de marzo de 2013 por Francisco Taboada Villar, con NIF 76996188-P por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Balaidos, 1, por non producirse danos.

L) COMIDISEÑO S.L. EXPTE. 85197/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 12 de febreiro de 2013 por COMIDISEÑO, S.L. con NIF B-94000452, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Dr. Carracido, 3, por non producirse danos.

M) IMPERMEBA S.L. EXPTE. 85228/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 07 de febreiro de 2013 por IMPERMEBA, S.L. con NIF B-36696698, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa López Mora, 7, por non producirse danos.

N) MANUEL CARBALLO PAZOS S.L. EXPTE. 85354/210.

Visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 12 de febreiro de 2013 por Manuel Carballo Pazos, S.L. con NIF B-36499457, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Pizarro, 54, por non producirse danos.

23(601).- ACEPTACIÓN DA CESIÓN GRATUÍDA POLO IGVS DA PARCELA 59 DO POLÍGONO III DO PERI II-12 A FLORIDA B. EXPTE. 1752/433.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Oficina de Vivenda e Solo, de data 24.05.13, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- O 04.10.2012 (DOC. 120114889), tivo entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo un escrito remitido por D. José Luís Díez Yáñez, xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) e do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), polo que propón ao Concello de Vigo a cesión gratuíta da parcela n.º 59 do polígono III do «PERI II-12 A FLORIDA B».

Manifesta que a dita parcela, entre outras, fora cedida polo Concello de Vigo en escritura pública de 23.03.1995, e que se atopa inscrita en favor do IGVS no Rexistro da Propiedade n.º 3 de Vigo, finca 50745, tomo 1586, libro 651, folio 211.

2.- Relata así mesmo que por causa da anulación parcial do proxecto de compensación polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (STSXG 645/1995), así como da licenza de edificación concedida no seu día ao IGVS polo Concello de Vigo (STSXG 929/2002), resulta material e xuridicamente imposible levar a cabo a finalidade prevista no acordo de cesión.

Fundamenta tamén a dita imposibilidade nun acordo plenario do Concello de Vigo, polo que se insta a cualificación da parcela como zona verde, así como na resolución do contrato de obras subscrito coa mercantil DRAGADOS Y CONSTRUCCIONES, S.A. para a construción dos edificios.

3.- Conclúe ofrecendo a cesión gratuíta ao Concello de Vigo da parcela anteriormente indicada, que tería que asumir exclusivamente os gastos derivados da cesión, incluídos os de carácter tributario.

4.- Xunta con seu escrito a seguinte documentación:

- fotocopia dunha nota simple informativa da parcela, expedida polo Rexistro da propiedade de Vigo n.º 3 o 28.02.2012
- fotocopia da escritura de cesión, outorgada o 23.03.1995 perante o notario D. Gerardo García-Boente Sánchez, obrante ao número 869 do protocolo da súa razón
- fotocopia da STSXG 645/1995
- fotocopia da certificación do acordo plenario de 21.09.1998, polo que se acordaba destinar definitivamente a parcela 59 a zona verde
- fotocopia da proposta da técnica de administración xeral de 04.11.1996, elevada á Comisión de Goberno do Concello de Vigo, de autorización ao IGVS para a construción de dous bloques de vivendas na parcela de referencia

5.- O 23.05.2013, a arquitecta municipal xefa de Planeamento e Xestión emitiu informe tocante á clasificación e cualificación da parcela, do seguinte teor literal:

“Os terreos obxecto deste informe son dúas parcelas colindantes que foron cedidas ao IGVS, por acordo plenario de 28 de xullo de 1993. A parcela, formada polas dúas, atópase situada na rúa Luis Ksado. Conteñe unha superficie total de 1.285 m².

No vixente PXOM esta parcela, xunto con outras parcelas colindantes, está clasificada como solo urbano consolidado dentro da delimitación do API-45 FLORIDA B (correspondente ao PERI II-12 FLORIDA B). No PERI II-12 Florida-B (aprob.def 7/09/1990, nºexpte: 59/412/87) esta parcela, situada no Polígono III, está cualificada como equipamento público, con uso dotacional deportivo.

A ordenanza de aplicación, neste caso será á Ordenanza nº 13, ÁREAS E EDIFICACIÓNS DOTACIONAIS do PXOM vixente (aprob.def. ordes de 16 de maio de 2008 e 13 de xullo de 2009).

En concreto, e dentro desta ordenanza 13, o establecido nos apartados 9.13.33 e seguintes correspondentes ás condicións particulares do Uso: D.-Deportivo:

“Sección 9ª. Condicións particulares do Uso: D.- Deportivo.

Art. 9.13.33 Condicións particulares de Edificabilidade.

1. Para as instalacións deportivas existentes deste uso consérvanse as súas características actuais, permitindo as ampliacións ou reformas ata un trinta (30) por cento por riba do máximo.

2. Para instalacións insertas na trama urbana, soares entre medianeiras nas Ordenanzas 3, 4 ou 7, as condicións tipolóxicas corresponderán ás ordenanzas particulares de zona en que se atopen.

3. Para os efectos deste uso enténdese polo carácter de Público o sostido por fundacións ou asociación sen ánimo de lucro.

4. Para áreas ou parcelas expresamente cualificadas de uso exclusivo, en couzadas completas, ou soares de grande dimensión aplicaranse as condicións seguintes:

- Dotacional Público.

- Altura máxima: tres plantas, ou altura equivalente, admitíndose aqueles elementos que esixan

unha altura maior para o seu funcionamento correcto, sempre que se xustifique suficientemente

(frontóns, trampolíns, gradarías, postes de iluminación, etc.).

- Ocupación de parcela: Setenta (70) por cento dos ámbitos nos que se localizan as edificacións.

- Ocupación baixo rasante: Oitenta (80) por cento.

- Edificabilidade: 1,50 metros cadrados de uso construído por cada metro cadrado de parcela.”

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado -BOE-* n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; *Diario Oficial de Galicia -DOG-* n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais; BOE n.º 161, de 07.07.1986 (RBEL)
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 264, de 04.11.2003 (LPAP)
- Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 226, de 18.09.2009 (RXLPAP)
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia; DOG n.º 203, de 24.10.2011 (LPCAG)
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector público; BOE n.º 276, de 16.11.2011 (TRLCSPP)
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido; BOE n.º 312 de 29.12.1992 (LIVA)

- Real decreto legislativo 1/1993, de 24 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; BOE n.º 251, de 20.10.1993 (TRITPAJD)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE n.º 167, de 14.07.1998 (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais; BOE n.º 196, de 15.07.1955 (RSCL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A.- A cesión ao IGVS da parcela 59 do polígono III do «PERI II-12 A FLORIDA B»

A.1.- O 27.11.1992, o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación do polígono III do «PERI II-12 A FLORIDA B», redactado polos Sres. Jiménez, Davila e Yarza.

A aprobación do dito proxecto supuxo a transmisión ao Concello de Vigo -entre outras- da parcela n.º 59, adxudicada en pleno dominio con cargo á cota de participación do 5,203% que lle correspondía no Polígono, unha vez deducida a porcentaxe correspondente ás obrigas contraídas polo Concello consonte o convenio concertado con “URBANISMO VIGO, S.A.”, segundo consta no proxecto de compensación.

A.2.- En Pleno de 28.07.1993, o Concello de Vigo acordou ceder ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), entre outras, a parcela 59 do polígono III do «PERI II-12 A FLORIDA B», con destino á construción de dous bloques de vivenda de promoción pública, denominados 59-a e 59-b (que se correspondían cos números 61 e 62 do inventario provisional do patrimonio municipal do solo) cunha edificabilidade conxunta de 8.170 m²s. A cesión formalizouse en escritura pública o 23.03.1995, ante o notario D. Gerardo García-Boente Sánchez, co número 869 do seu Protocolo.

A dita cesión obedecía -segundo consta no acordo plenario- a un convenio-marco suscrito entre o IGVS e o Concello de Vigo o 30.01.1993, consonte ao cal o IGVS se comprometía a ceder en propiedade ao Concello vivendas que representen o 10% da edificabilidade cedida.

Previos os trámites oportunos, o 11.11.1996, autorizouse ao IGVS a construír na citada parcela dos dous bloques de sete plantas para un total de 56 vivendas, baixo comercial, dous sotos para garaxe, e planta baixo cuberta para rochos.

A.3.- O proxecto de compensación do polígono III do «PERI II-12 A FLORIDA B» foi anulado parcialmente en dous aspectos concretos pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia n.º 645/1995, ditada en resolución do recurso contencioso-administrativo n.º 02/0004659/1993. No que afecta á parcela 59, por entender que o uso dado á mesma no proxecto de compensación era contrario a dereito, ao alterar a cualificación de uso deportivo contida no planeamento substituíndoa pola de equipamento asistencial.

A dita sentenza foi recorrida en casación pola Xunta de Compensación do ámbito (rec. 477/1996), recurso que foi desestimado polo Tribunal Supremo na súa Sentenza n.º 1572/2001, de 28 de febreiro de 2001, confirmando en todo a STSXG recorrida.

A.4.- Contra a licenza outorgada ao IGVS para a construción dos bloques interpúxose á súa vez un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (rec. 02/0004071/1998).

O TSXG, tendo en conta nos seus fundamentos de dereito tanto a STSXG 645/1995 como a STS 1572/2001, como non podía ser de outro modo, anulou pola falta de conformidade a dereito a licenza concedida.

A.5.- Constan así mesmo dous acordos plenarios sobre esta materia, un deles aludido polo IGVS no seu ofrecemento de cesión:

- a) No primeiro deles, en sesión de 21.09.1998, por moción do grupo municipal do PSOE, acordouse por unanimidade realizar todos os trámites oportunos para destinar definitivamente a parcela n.º 59 a zona verde; copia deste acordo foi presentada como documentación no escrito do IGVS
- b) En sesión de 28.06.2004, por moción do grupo municipal de DPG, emendada polo BNG e polo PP, o Pleno acordou por unanimidade que o Concello de Vigo se dirixise ao IGVS para solicitar a devolución da parcela 59 e a súa posterior inscrición no patrimonio municipal do solo co uso deportivo previsto no polígono, así como que se pactase coa Asociación de Veciños da Miñoa as instalacións deportivas a construír na parcela, e a remisión do acordo á Xerencia de Urbanismo para que se realizasen os informes pertinentes.

Consultado o exp. 4551/401, aberto tras a remisión dunha dilixencia da Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo ao Xerente de Urbanismo sobre este particular, da lectura dos documentos obrantes ao mesmo extraese que o segundo acordo plenario foi remitido ao IGVS, sen que conste que se realizase tramitación algunha para a resolución da cesión realizada no seu día ao IGVS polo Concello de Vigo.

B.- Solicitude de cesión gratuíta polo IGVS da parcela 59

B.1.- O IGVS solicita que por parte do Concello de Vigo se acepte a cesión gratuíta da parcela 59 do polígono III do «PERI II-12 A FLORIDA B», ante a imposibilidade xurídica e material de levar a cabo a finalidade prevista.

Aduce ao art. 111 do RBEL en fundamento á súa solicitude, así como á solicitude cursada pola Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo á Xefatura Territorial de Pontevedra do IGVS (que non xuntan co seu escrito).

O citado art. 111 do RBEL dispón, textualmente, o seguinte:

“1. Si los bienes cedidos no fuesen destinados al uso dentro del plazo señalado en el acuerdo de cesión o dejasen de serlo posteriormente se considerará resuelta la cesión y revertirán aquellos a la Corporación Local, la cual tendrá derecho a percibir de la entidad beneficiaria, previa tasación pericial, el valor de los detrimentos experimentados por los bienes cedidos.

2. Si en el acuerdo de cesión no se estipula otra cosa, se entenderá que los fines para los cuales se hubieran otorgado deberán cumplirse en el plazo máximo de cinco años, debiendo mantenerse su destino durante los treinta años siguientes.

3. Los bienes cedidos revertirán, en su caso, al patrimonio de la entidad cedente con todas sus pertenencias y accesiones.”

B.2.- O que se está a instar polo IGVS non é a resolución da cesión efectuada no seu día, senón que se está a ofrecer a cesión gratuíta da parcela, polo que non nos atopamos dentro da esfera regulada polo art. 111 do RBEL. A norma aplicable do citado regulamento é o art. 12.1, a cuxo teor a adquisición de bens a título gratuíto non está suxeita a restrición algunha.

Dende unha óptica estritamente finalista pode parecer indiferente, dado que ambas formas de proceder teñen o mesmo obxectivo: que a parcela 59 do polígono III do «PERI II-12 A FLORIDA B» -no seu día cedida ao IGVS- volva a integrarse no patrimonio municipal.

Dende un punto de vista xurídico-formal, a resolución incardinaríase dentro do mesmo negocio xurídico da cesión orixinaria. De ser este o caso, efectivamente sería de aplicación o disposto no art. 111 do RBEL, iso si, interpretado en atención ás circunstancias concorrentes, dado o erro padecido polo Concello de Vigo ante a verdadeira substancia ou carácter da parcela cedida, evidenciado xudicialmente con posterioridade á cesión.

A lagoa existente no RBEL, que non regula expresamente as consecuencias do incumprimento do destino do ben cedido por causa non imputable ao cesionario, intégrase en vía interpretativa cos preceptos do Código civil, dada a configuración xurídica como contratos privados conferida pola normativa contractual das Administracións públicas aos negocios traslativos de dereitos sobre inmobles, cuxo cumprimento, efectos e extinción se rexen polo dereito privado.

O Código civil contén unha institución clásica equivalente á cesión gratuíta, que é a doazón (arts. 618 a 656); neste suposto, trataríase dunha doazón modal ou condicional, por mor do concreto destino da parcela e a obriga de ceder a propiedade de vivendas equivalentes ao 10% da edificabilidade cedida.

Porén, esta previsión, consonte a cal o IGVS transmitiría de forma gratuíta ao Concello parte das vivendas construídas, supón o acercamento da figura da cesión operada a unha permuta de solar por obra futura, negocio xurídico de carácter non gratuíto, senón oneroso. Esta interpretación veríase reforzada pola literalidade do art. 110.2 do RBEL, que dispón que a cesión de solares ao organismo competente para a promoción da vivenda de protección oficial -como foi o caso-, revestirá a forma de permuta por un número equivalente das vivendas que se constrúan; a equivalencia indicada só pode ser entendida en termos de valor económico, polo

que cabería interpretar que salvo que o valor do solar resultase ser igual ou inferior ao valor das vivendas cedidas, estaríamos ante un negocio xurídico atípico de carácter mixto, no que economicamente predominaría a figura da doazón sobre a da permuta.

En todo caso, a este negocio xurídico condicional -independentemente da súa consideración como doazón ou permuta- sonlle de aplicación as previsións xerais das obrigas e contratos do Código civil, e en consecuencia as disposicións relativas á súa rescisión, que suporía a desaparición das obrigas asumidas polas partes e a resolución do acto traslativo do dominio da parcela 59.

B.3.- O IGVS o que realiza é un ofrecemento de cesión gratuíta da parcela 59 ao Concello de Vigo, negocio xurídico independente do anterior, no que o ben que se cede -pese a ser o mesmo dende un punto de vista físico- non é o mesmo que o contemplado na cesión orixinaria, a resultas do cambio na súa substancia derivado da STSXG 645/1995, de 11 de outubro.

O que cedeu o Concello de Vigo ao IGVS no seu momento era unha parcela (dividida instrumentalmente en dúas), cunha edificabilidade máxima de 8.170 m² e tratamento de ben patrimonial, consonte á cal o Concello de Vigo habería de percibir entre 5 e 8 vivendas protexidas de promoción pública -segundo se tomase como referencia a edificabilidade materializada ou a máxima posible-.

Pese a que no ofrecemento de cesión gratuíta o IGVS non vincula o ben a ningunha concreta finalidade, o que se ofrece agora é unha parcela cualificada como equipamento público con uso dotacional deportivo, que se incorporará ao patrimonio municipal como ben demanial, non susceptible de constituír unha fonte de ingresos para o Concello de Vigo, en tanto se mantéña esta cualificación xurídica.

Por tratarse esta cesión dun negocio xurídico independente da anterior, non resulta de aplicación o disposto no art. 111.1 do RBEL, consonte ao cal os detrimentos experimentados polo ben cedido deberan ser reclamados ao cesionario. Por outra banda, neste caso o detrimento no valor da parcela é consecuencia directa da STSXG anteriormente citada, e non sería imputable directa nin indirectamente á actuación do entón cesionario.

B.4.- A proposta de cesión faise con referencia a que todos os gastos derivados da formalización da cesión gratuíta serán de conta do cesionario -isto é, do Concello de Vigo-, incluídos os de carácter tributario.

Segundo o disposto no art. 20.1.20º da LIVA, están exentos de tributación por valor engadido as entregas de terreos que non teñan a condición de edificables, e os destinados exclusivamente a parques ou xardíns públicos ou a superficies viarias de uso público; por tratarse dunha parcela destinada a equipamento público de uso deportivo, resultaría de aplicación esta exención, polo que o recibido non tributaría por IVE, sen prexuízo da cualificación da operación pola Administración tributaria.

Así mesmo, e sen prexuízo de novo do que estableza a Administración tributaria, a transmisión de dominio ofrecida de forma gratuíta tampouco é un acto gravable polo imposto de transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados, consonte o disposto no art. 45.I.A.a do TRITPAJD, por tratarse o suxeito pasivo -o Concello de Vigo- dunha Administración pública territorial.

Os gastos ocasionados pola aceptación da cesión cinguiríanse exclusivamente, en principio, aos custes arancelarios da escritura pública de cesión que no seu caso se outorgue -sempre e cando o cedente non considere válido ou oportuno formalizar a cesión en documento administrativo,

consonte a normativa reguladora do seu funcionamento interno- e aos derivados da inscrición rexistral da transmisión do dominio.

B.5.- Consonte o disposto no art. 12.1 do RBEL, concordante co art. 237.1 da LALGA, a adquisición de bens a título gratuito por parte das entidades locais non está sometida a restrición algunha, polo que non supondo prexuízos para o Concello de Vigo, resulta procedente aceptar a cesión ofertada polo IGVS.

3.- COMPETENCIA

É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local, por estar destinado o inmovible cuxa cesión se ofrece a dotacións públicas de uso deportivo, en atención ao disposto no apartado terceiro da Disposición adicional segunda do TRLCSP.

III.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aceptar a cesión gratuita ofrecida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo da parcela 59 do polígono III do «PERI II-12 A FLORIDA B», destinada polo planeamento a equipamento público de uso deportivo.

SEGUNDO: Dar conta do presente acordo ao Servizo de Patrimonio, a fin de que unha vez se formalice a cesión gratuita e se inscriba a transmisión no Rexistro da propiedade, se proceda á inscrición da parcela anteriormente referida, co carácter de demanial, no Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Pontevedra».

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(602).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 12.257,32 € A FAVOR DE CONCEPCIÓN CUÑA PÉREZ EN CONCEPTO DE XESTIÓN DO PUNTO XOVE DURANTE OS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2013. EXPTE. 3896/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 8.05.13, conformado pola concelleira de Xuventude e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figura nas facturas número 03/2013 e 04/2013 de "Concepción Cuña Pérez", NIF 36.091261Y, por un importe de 12.257,32 euros en concepto de xestión do Punto Xove durante os meses de marzo

e abril de 2013, con cargo á partida 3370 2279904 “*Punto Xove*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de “Concepción Cuña Pérez”, NIF 36091261Y por un importe total de 12.257,32 euros, en concepto de xestión do Punto Xove durante os meses de marzo e abril de 2013, con cargo á partida con cargo á partida 3370 2279904 “*Punto Xove*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013”.

25(603).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 27.436,58 € A FAVOR DE FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESAN EN CONCEPTO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NAS LUDOTECAS DE CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA DURANTE OS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2013. EXPTE. 3897/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 10.05.13, conformado pola concelleira de Xuventude e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran nas facturas número B/7 e B/11 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 27.436,58 euros en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante os meses de marzo e abril de 2013 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 27.436,58 euros, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante os meses de marzo e abril de 2013, partida 3370 2279900 “*Ludoteca Casa da Xuventude e Coia*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013”.

26(604).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 15.840,00 € A FAVOR DE XOMA INICIATIVAS SOCIAIS EN CONCEPTO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO EN INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN XUVENIL DOS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2013. EXPTE. 3895/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 8.05.13, conformado pola concelleira de Xuventude e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran nas facturas número X05/13 e X06/13, de

“Xoma Iniciativas Sociais” C.I.F. B36873925, por un importe de 15.840,00 euros en concepto de Asistencia Técnica para o asesoramento en información e dinamización xuvenil dos meses de marzo e abril de 2013 , con cargo á partida 3370 2279903 “*Asistencia Técnica para Servizos de Información Xuvenil*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Xoma Iniciativas Sociais” C.I.F. B36873925 , por un importe total de 15.840,00 €, en concepto de Asistencia Técnica para o asesoramento en información e dinamización xuvenil dos meses de marzo e abril de 2013, con cargo á partida con cargo á partida 3370 2279903 “*Asistencia Técnica para Servizos de Información Xuvenil*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2013”.

27(605).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.